

Impulso á creación da Asemblea de Entidades



Páxina 4

Entrega das chaves do Faro de Oza na Coruña



Páxina 12

Antón Pulido recibiu o Orcellón



Páxina 14

II Concurso Nacional de Piano Mestre Soutullo



Páxina 16

37 locais participarán no XIII Pinchorriño



Páxina 21



Bota a andar o Xeodestino da Ría de Vigo e Baixo Miño

Páxina 22

Entrevista



Francisco Jorquera, candidato á alcaldía da Coruña polo BNG

“O que se constata é unha falta de proxecto na cidade da Coruña”

Páxina 2

CONFITERIA

Regino

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Especialidade en
rosquillas e melindres



Rúa Reveriano Soutullo, Pontareas

986 640 834

Entrevista

Por Moncho Mariño

Francisco Jorquera, candidato á alcaldía da Coruña polo BNG

“O que se constata é unha falta de proxecto na cidade da Coruña”

Francisco Jorquera (Ferrol) é licenciado en Historia pero a súa carreira vital está innegablemente unida ao BNG. Coa formación nacionalista ten estado no Senado, no Parlamento galego e exercendo diferentes cargos dentro do mesmo partido. Hai pouco saltou aos titulares a súa candidatura para a alcaldía da Coruña. Un desafío que para el é unha nova oportunidade de achegar o que denomina “un proxecto con capacidade de traballo” e para enxertar a cidade “nun proxecto de país”.

-A súa candidatura para a alcaldía da Coruña foi unha sorpresa para máis dunha persoa, pero a vostede como o pillou?

Como é evidente, se me permites a brincadeira, non foi unha sorpresa, sobre todo tendo en conta como é obvio, ser candidato polo BNG á alcaldía da Coruña, esixe da miña aprobación. Para min é un reto que afronto con moita ilusións na miña perspectiva. Houbo moitas persoas, tando do BNG como de fóra, que me pediron ter disposición a ser candidato, se mo pedían os compañeiros e compañeiras. Puxen como condición ter a aprobación do conxunto dos militantes e simpatizantes e que non crease ningún problema. Foi unha proposta aprobada nunha asemblea aberta, na que tamén puideron participar simpatizantes. Por tanto para min é unha honra que a militancia do BNG da Coruña confiase en min e é algo que asumo con responsabilidade e con ilusión.

-Cales son as ideas forza da súa candidatura?

O BNG oferta algo do que carecen outras forzas políticas, solidez, rigor e as capacidades de traballo, de propostas e de iniciativa. Ademais no caso concreto da Coruña, ofrecemos un proxecto encardinado nun proxecto nacional galego, un proxecto de país. Creo que nesta cidade nos últimos tempos constátase que hai un goberno municipal que non exerce, porque non ten un proxecto

de cidade claro, goberna máis por imitación aos autotitulados concellos do cambio. Cando din iso sempre buscan experiencias municipais de fóra de Galiza, cando aquí temos experiencias municipais transformadoras como as de Pontevedra e Allariz que mesmo son exemplo fóra das nosas fronteiras. O que se constata é a ausencia dun proxecto de cidade e dun proxecto galego no actual goberno local. Creo que iso se constata una inexperiencia de xestión que así é percibida por amplos sectores da cidade. Fronte a iso o BNG aporta un proxecto político sólido coas ideas claras, unha longa experiencia na política municipal e aporta tensión transformadora real. Creo que en Coruña nas vindeiras eleccións, hai quen pretenderá situar á cidadanía diante dunha dicotomía falsa, que é que todo siga como está para non volver ao pasado. Penso que estas posturas son da vella política, continuistas, que non se lle pode dar aos cidadáns ese marco de escolla. O BNG creo que é un dique contra o PP, non coñezo ningún concello deste país no que o Bloque sexa determinante e no que governe o PP. Por tanto, somos garantía de non volver ao pasado e de impulso e cambios reais fronte a outros cambios que quedaron en xestos sen concreción.

-A Coruña está preparada para un alcalde nacionalista?

O nacionalismo forma parte da xenética desta cidade. É

unha cidade plural e diversa ademais moi comprometida cunha idea nacional do país. Creo que A Coruña foi onde naceu a Real Academia Galega, onde naceu o nacionalismo galego, así xa autodefinido, co nacemento das Irmandades da Fala, a Cova Céltega, tivo o primeiro concelleiro nacionalista en Lois Peña Novo, despois do franquismo tivo o primeiro alcalde nacionalista, Domingos Merino. Por tanto, o sentimento de identidade galega e identificación co país, sempre formou parte do mellor da xenética da Coruña. Unha cidade libre pensadora, progresista e o BNG quere entroncar con esa tradición. E sobre eses alicerces, construír o proxecto de futuro da nosa cidade.

-BNG estaría disposto a pactar con Marea Atlántica e PSOE no caso de non queren que o PP chegue a gobernar no concello?

En política é importante distinguir tempos. Primeiro as eleccións, onde presentaremos ideas e nós enfocaremos faremos unha campaña en positivo, pero tamén o faremos coa idea clara de gobernar esta cidade. A ninguén se lle escapa que vivimos en tempos cun mapa político moi plural, fragmentado e creo que é difícil por non dicir imposible, que calquera forza política acade os apoios suficientes para gobernar en solitario. Por tanto, unha vez pasadas as eleccións, virá o momento de explorar a posibilidade de acordos para



asegurar a estabilidade e a gobernabilidade da cidade. O BNG ten acreditado sempre ser unha forza de diálogo e de negociación, sempre pon por diante os intereses do país, neste caso os da nosa cidade, por diante dos intereses partidistas. O BNG saberá estar á altura das circunstancias. Se de algo peceu o goberno actual foi de falta de diálogo para chegar a acordos que asegurasen certa estabilidade na acción política municipal. Fronte a iso o BNG ten ese acerbo. Todo o mundo sabe que non me gusta autoxulgarme, pero moitas persoas me recoñeceron sempre a capacidade de diálogo e negociación, de ser capaz de chegar a acordos. Pero nós presentámonos a estas eleccións coa vontade de ser

a forza política que governe esta cidade.

-Como alcalde, aceptaría o topónimo La Coruña?

Non, en absoluto, porque iso é un barbarismo. Este país era total e absolutamente monolingüe, por tanto a toponimia deste país é en galego. Por tanto, me parece inaceptable tentar impoñer un termo que non forma parte do que é a identidade real da cidade. Creo que este é un tema superado afortunadamente a día de hoxe. Todo o mundo acepta que a cidade se chama A Coruña. Quedan asignaturas pendentes como restaurar a toponimia da cidade e creo que queda moito por facer na toponimia e o impulso do noso idioma nacional en todos os ámbitos da cidade.

Por: Guillermo Rodríguez

Director



Dende o meu outeiro (I)

Xalles indicaba en traballos anteriores, queridos lectores, que ía cambiar de tocata. Agora en vez de gardar e gardar cousas, historias, que puideran interesarlles, decidín tomar as cousas con máis “filosofía”. Decateime de que non paga a pena darlle tanta importancia aos aconteceres que nos arrodean. Non deixan de ser “parvadas” dos políticos que nos tocaron en sorte, que, por outra banda, nada podemos facer por cambialos. Chegamos a un grao tal de alleamento que os nosos esforzos pérdense neste océano de miserias intelectuais que non resisten unha mínima análise á que poidéramos sometelos.

Cada día almorzamos con menus dejá vu, que dirían os nosos veciños do norte. Nada novo baixo o sol. Pero sigamos un pouco o ronsel dos últimos acontecementos; ben, dalgúns dos últimos, porque son tantos que precisaría dun libro cada semana para comentalos así por enriba.

Ciudadanos parece que cambia de rumbo. Ben, ao que parece Rivera non quixo que seguíramos identificándoos coa trama de “Vaya par de gemelos” e deu un pequeno puñazo na mesa: ata aquí chegamos; os populares que se poñan a traballar, xa bastante favor lles levamos feito”. Non quere que os identifiquen coa corrupción que, un día si e outro tamén, está presente en cada un dos nosos almozos diarios. O “peixe” Villarejo ten unhas escamas tan duras que non hai maneira de meterlle o dente. Agora parece que é a vez da Cospedal.

Franco quere seguir “baixo palio”. Así parece desprenderse da situación incómoda na que se atopa o goberno



Por Martirena

coa inhumación dos restos do ditador. Ao que parece coa exhumación non hai problema entre o Goberno e o Vaticano; o problema chega cando se estuda onde enterralo de novo. Nin o Goberno nin a Igrexa queren dar pé a un novo lugar de peregrinación. Non estaría mal pensado que calquera día os franquistas nos sorprendan coa noticia de que Franco realizou un milagre e que a Almudena é o lugar que se merece tan destacado “home de Deus”.

A Vicepresidenta do Goberno está demostrando “telos ben prantados” (os que sexan). Declara que, coa Lei de Memoria Histórica na man, Franco non pode ir parar á cripta da Almudena. As espadas están en alto. Xa lles informaremos de como acaba a festa.

Nas terras da banda dalá do río (do mar) non hai plantado un castiñeiro, senón dous: Tremp e agora Bolsonaro. Do primeiro que lles vou a dicir a

vdes. que non saiban?. Unha auténtica “besta humana” sen entrañas. Só se sente na súa salsa cando arremete contra os máis débiles. Que pecado comerían tantos millóns de americanos e, por extensión, tantos millóns de seres humanos que este Presidente de EEUU ten no seu punto de mira particular para facer da súa vida un inferno!!

Non hai día que non almorcemos cunha noticia, cada vez máis horrenda, deste homínido que debeu perder algun anel do seu ADN cando naceu. A súa guerra, como a de todo ser humano covarde, é contra os máis fracos, contra os máis débiles.

De Bolsonaro, recente presidente de Brasil, in pectore, que lle imos dicir. Xa o dixo el soño durante estes últimos

meses e anos. Os brasileiros teñen un problema. Un serio problema. Non me gustaría a min verme na súa pel. Esperemos acontecementos pero as vésperas non se presentan nada boas.

Claro que non faltará quen afirme que a súa chegada ao Poder foi dunha maneira democrática. É verdade; tan verdade como que Hitler tamén chegou ao Poder dunha maneira democrática, pero logo.....unha vez con todo o Poder na man, que fixo?

Vai transformar a Brasil nun enorme campo de concentración? Non aseguramos tamaña barbaridade pero....quen sabe como acabará todo. Polo de agora as súas recentes declaracións políticas son para botarse a tremer.

Dende o meu novo outeiro divísanse aló ao lonxe grandes novas, pero para esta primeira entrega xa chega.

Sexan felices se poden. Non llo van poñer nada fácil pero vdes. loiten porque logo na vitoria poderán saborear os meles do seu trunfo.

“OUTEIRO”, novembro de 2018

**Seguimos ofrecéndolles
información interesante
na nosa WEB**

www.novasdоеixoatlantico.com

Visítennos

EIXOATLÁNTICO
XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLAECIA

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdоеixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdоеixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdоеixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnez. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PORTUGAL: Vialé Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – João Martinho.

MADRID: –Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (Koki)

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

EIXOATLÁNTICO
XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLAECIA

Galicia

Redacción SANTIAGO

Impulso á creación da Asemblea de Entidades Locais pola Lingua

O Pazo de Raxoi acolleu o día 25 de outubro unha xuntanza de cargos municipais con responsabilidade na política lingüística, tanto técnicos como políticos, co obxectivo de avanzar na creación da Asociación de Entidades Locais pola Lingua co fin de desenvolver proxectos conxuntos no ámbito da normalización do idioma.

Unha vintena de concellos de toda Galicia estiveron presentes na reunión, a través dos seus alcaldes e alcaldesas, de concelleiros e concelleiras, e de persoal técnico dos servizos de normalización. En concreto, participaron os municipios da Baña, A Coruña, Ames, Ferrol, Narón, Nigrán, O Grove, Oleiros, Ourense, Ponteareas, Ponteceso, Pontevedra, Redondela, Rianxo, Ribadeo, Rois, Sada, Teo, Vilagarcía e Vimianzo. Trátase de concellos que xa veñen colaborando en proxectos como o Apego, o certame



Grupo de representantes nas escaleiras do Pazo de Raxoi.

Youtubeir@s ou o Club de Debate, se ben se incidiu na vontade de "incorporar novos entidades á asociación, sempre que desenvolvan políticas en prol da normalización lingüística e contén no seu organigrama cunha unidade dedicada a executalas", polo que se van enviar convites a todos os concellos e deputacións para que se sume igualmente ao proxecto.

O obxectivo da Asociación

de Entidades Locais pola Lingua Galega será promover a colaboración entre as distintas institucións para lograr unha xestión máis eficaz dos proxectos colaborativos en materia de lingua. Na reunión analizouse un borrador dos estatutos da entidade e os distintos concellos asumiron o compromiso de seguir traballando para constituír formalmente a entidade nos vindeiros meses.

Compostela contará con dez sensores da calidade do aire

O Concello de Santiago é un dos socios participantes no proxecto europeo TRAFAIR, que ten como obxectivo analizar a calidade do aire e a contaminación derivada do tráfico. A iniciativa, liderada pola universidade italiana de Módena, suporá un investimento total de 2,2 millóns de euros. Desá cifra, a Compostela vanlle corresponder 170.000 euros, dos que preto de 127.000 serán achegas dos fondos FEDER e o resto procederá de fondos propios municipais.

O proxecto TRAFAIR desenvolverase en varias fases ao longo de dous anos. Inicialmente recompilaranse os datos dispoñibles sobre a entrada do tráfico e a dispersión de contaminantes atmosféricos, para despois deseñar e organizar a rede de sensores locais de calidade do aire. Está previsto que en Compostela se instalen dez dispositivos.

Algunhas das localizacións que se barallan inicialmente son a praza de Vigo, praza de Galicia, praza Roxa e Virxe da Cerca. Unha vez re-

compilados e analizados os datos, desenvolveranse aplicacións móbiles para elevar a concienciación sobre a contaminación atmosférica urbana e crearanse ferramentas de control efectivas pensadas para as administracións.

A participación neste proxecto reforza a aposta polos datos abertos, iniciada coa Plataforma de Goberno Aberto, actualmente en execución e tamén incrementa a colaboración do Concello coa USC, que participará no TRAFAIR co CESGA e co CITIUS.

Os parquímetros de Santiago xa permiten o pago da ORA con tarxeta

Os parquímetros de Compostela, xestionados pola empresa municipal Tussa, xa permiten o pago dos tickets da ORA con tarxeta desde mediados deste mes de outubro. Unha vez solucionadas unha serie de incompatibilidades técnicas, derivadas da transición da anterior empresa xestora, o sistema está a funcionar con absoluta normalidade, e non se están a rexistrar incidencias.

Tussa tampouco está a rexistrar incidencias en relación á aplicación para o pago da ORA desde o móbil, na que tamén se introduciron algunhas melloras. Así, desde o pasado mes de setembro a app Moviltik permite realizar pagos desde a mesma conta



parquímetro no ensanche

para dous vehículos diferentes, unha das reclamacións que viñan facendo as persoas usuarias. A nova aplicación da ORA está a ser ben valorada pola veciñanza, sobre todo porque a ferramenta "desapcar" permite que os condutores e condutoras paguen unicamente polo tempo real de estacionamento.

Aberta a convocatoria do XXIV Premio Antonio Fraguas de Investigación sobre o Traxe Galego

A Asociación do Traxe Galego, en colaboración co Concello de Santiago e El Corte Inglés, veñen de convocar a XXIV edición do Premio Antonio Fraguas de Investigación sobre o Traxe Galego. Un ano

máis, haberá premios de 600 e de 1.200 euros para os mellores traballos descritivos e analíticos, respectivamente, sobre a indumentaria tradicional.

O prazo de entrega finaliza o 30 de novembro.

Ruta dos Parques

Este sábado 3 de novembro celebrarase a terceira proba do CorreSan, a tradicional Ruta dos Parques con saída na Cidade da Cultura e meta no Parque Eugenio Granell. O percorrido é dos máis longos do circuíto, cun total de 6,1 quilómetros para a categoría absoluta, que sairá ás 17:00 horas.

Para as categorías escolares creouse un circuíto con saída e chegada no propio Parque Eugenio Granell. A categoría escolar 1 sairá ás 17:45 horas, para percorrer 1,4 quilómetros,

mentres que os/as participantes da categoría escolar 2 saíran ás 18:00 horas e afrontarán un percorrido de 2,6 quilómetros.

Haberá autobuses que trasladarán os corredores e corredoras dende o parque Eugenio Granell ata a Cidade da Cultura.

A última proba da edición 2018 do CorreSan será a do barrio de San Pedro, o sábado 1 de decembro, aínda que as persoas que se teñan anotado ao circuíto completo poderán gozar, de maneira gratuíta, da San Silvestre do 31 de decembro.

SE NON É AGORA, CANDO?

CONTRA A
VIOLENCIA



25N
COMPOSTELA
EN NEGRO



Opinión

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Alcoa e a recentralización económica

A decisión da multinacional Alcoa de pechar a súa factoría d'A Coruña adóptase pola grande sobrecapacidade produtiva na China (auténtico dumping desleal) e pola falla total de investimentos nos últimos anos na factoría coruñesa. Porén, certo é que a tarifa eléctrica que grava ás industrias e consumidores galegos constitúe un auténtico despoxo patrimonial propio de pretéritas estruturas coloniais, malia os remendos dunha poxa de ininterrompibilidade que fica lonxe das posibilidades de moitas outras industrias, como Megasa, que

pagan cantidades astronómicas pola enerxía e non poden concorrer con vantaxe a esta caste de poxas.

Mais case ninguén relaciona este peche co bloqueio sufrido polo autogoberno económico do País. Porque o Estatuto de Galicia, no marco do sistema dunha economía mixta de mercado, atribúille ao Poder Galego a competencia exclusiva na xestión do sector público autonómico e máis a participación no goberno e administración das empresas públicas estatais operantes en Galicia que non fosen legalmente transferíbeis. Velaí o deseño constitucional dun sector público

autonómico con vocación de abranger ou, polo menos participar no sector público estatal operante en Galicia.

Porén, os sucesivos gobernos estatais bloquearon este- e moitos outros- preceptos estatutarios. Cando a SEPI estatal vendeulle INESPAL a Alcoa no 1998 por só 400 M USD, o Goberno galego de Fraga nin quixo nin puido oporse eficazmente a este malbaratamento patrimonial. Vendéronse moitas outras empresas no último goberno de Felipe González (1993-1996) e primeiro de Aznar (1996-2000), case sempre a prol dunha elite estatal extractiva, núcleo do capitalismo castizo de amiguets ou do BOE que domina arestora os sectores regulados do IBEX 35.

A operación de recentralización económica completouse coa liquidación das

Caixas e, de vez, das competencias estatutarias galegas sobre estas entidades fundacionais de base social e, xa que logo, de propiedade colectiva e non privada.

A desmontaxe dos sectores público e financeiro galegos ten empobrecido substancialmente o País no beneficio dese capitalismo estatal de amiguets, ao tempo que reduciu moi substancialmente a compoñente social ou mixta dunha economía de mercado que está a se converter abertamente en sociedade de mercado.

O autogoberno é garantía de benestar e a recentralización é un camiño cara ao empobrecemento.



Por Nemesio Barxa

0 puto amo: o IBEX

Como na antiga canción, “estás perdiendo el tiempo pensando... y yo desesperando. Hasta cuando”. Ao parecer até o cinco de novembro nos terám neste desespero de se ganha a banca (que ganhará sempre) ou a interpretación lóxica do Decreto sobre o IAJD; porque se o pago do imposto deve recair sobre o beneficiado, o único que se beneficia com o documento é a Banca.

Que existe inseguridade jurídica é algo perfectamente assumido polos súbditos do Reino (valhame Deus) de España. A transversalidade entre os tres Poderes públicos non merece perda de tempo en discuti-lo. Mas provavelmente o mais desacougante é que acima de todos os contubérnios jurídicos ou políticos aparece o Ser Superior que é o Capital.

Um discutido, por absurdo, imposto como é o de Atos Jurídicos Documentados, do que o conhecimento mais comum é pela sua aplicación nas escrituras hipotecarias, repercutia sobre o prestatario, encarecendo as hipotecas concertadas. Imposto que, logicamente, era neutro para os Bancos ao non afecta-los pois quem o pagava era o cliente. O Imposto vinha aprobado num Regulamento varias veces confirmada sua legalidade por resoluciones do T.S. Nada estranho pois os Tribunais espanhois sempre foram pro-

clives a favorecer á Banca. Mas, declarado nulo o artigo que, absurdamente, fazia recair o pago sobre o prestatario, a doutrina jurisprudencial mudou seguindo a lógica e declarando responsable do imposto ao prestamista, o Banco.

Há poucos días a Sala do Contencioso-Administrativo do T.S., Sala que entende da temática administrativa e designadamente da Fiscal, ditou uma sentença na que, revogando anterior jurisprudencia ao respecto, estabelecia a doutrina de que o importe do IAJD seria de conta da entidade bancaria que concedesse o crédito hipotecario e outorgasse a correspondente escritura, o que parece perfectamente lógico posto que a quem beneficia a existencia de essa escritura notarial é precisamente ao Banco que pode executa-la no seu caso. Devemos sulinhar que a Secção que ditou a sentença é uma secção intengrada por magistrados especialistas em Dto. Fiscal. Semelhava que o TS se movia e que ia despojando de privilegios aos Bancos.

As altas instancias políticas parece encher-se-lhe a boca com a valia, independencia e confianza que ofrecia a judicatura, especialmente nos seus órgãos superiores e chegados ao TS já resultava de quase infalibilidade. Os repetidos fracassos obtidos na revisão que das suas resoluciones realizou o Tribunal de Justicia Europeo deveriam ter moderado

a autoestima e revisar se suas sentenças se adequavam á sociedade actual ou se deviam interpretar leis obsoletas acomodando-as a tempos coetaneos ou solicitar sua revisão. Se a interferencia do poder executivo no judicial se nos tem evidenciado em todo o ajuizamento do proces catalán o peso do Capital resulta muito mais sutil, ainda que deixou-nos exemplos flagrantes como o da doutrina Botin, para exculpar e impedir o julgamento do Sr. Botin, presidente do Banco Santander, doutrina processual modificada apenas dous anos mais tarde para que não pudesse beneficiar-se dela o Sr. Atxuxa, se bem neste caso a modificação foi precedida da reunião do Pleno do TS com maioria de magistrados designados polo PP.

O que realmente resulta escandaloso e mostra de que cada vez importamos menos aos poderes fácticos (já não digamos aos económicos) os desideologizados súbditos de este post (ou pro?) franquista Reino de España que não duvida em remover todo o soporte de credibilidade do Alto Tribunal, o Supremo, ao comprovar que alguma resolução própria pode desagradar ou irritar aos poderes económicos, provocando um tsunami de credibilidade do que dificilmente se recuperará na estima dos súbditos que ainda sendo súbditos reagimos por obter a cidadania.

Pois bem, a sentença derivando o pago de IAJD aos Bancos foi invalidada ou suspendida apenas doze horas mais

tarde com a justificação da sua “enorme repercussão económica e social”, naturalmente para os Banco, para o IBEX, que é quem mais ordena. Nem por ser contaria ao ordenamento jurídico, nem por haver interpretado deficientemente algum preceito jurídico, não, o mais Alto Tribunal parece que dita e revoga sentenças “pela sua repercussão económica e social”; outro conceito a incluir nos códigos jurídicos.

Agora sim que a inseguridade jurídica é total. Nos escritórios os advogados, além de consultar códigos, tratados, comentários e jurisprudência, teremos que dilucidar se o tema terá repercussão económica e social, se bastará com a repercussão económica ou a social ou será precisa a concorrência de ambas ou quais som os preceitos nos que deveremos basear-nos para quantificar presença e peso de ambos conceitos.

Deveríamos ter direito a que aos sofridos súbditos se nos tenha em conta ao sentenciar-nos a transcendência económica e social que para nos poda ter a sentença. Ou só vai valer para o IBEX?

Tudo segue a depender de nos. De que realmente nos constituamos em revoltados de verdade ou só em comentaristas de café.

Quinta do Limoeiro, outubro de 2.018.



Por Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero

A banca sempre gana, a democracia perde

Non hai sistema que se sosteña se non habita un mínimo credo de confianza e xustiza. Non é un sistema solvente e por riba incapaz de liberarse do vicio e corrupción. A cousa aínda se complica máis cando a xente se empeza a afacer ás malas prácticas das ausencias de rigor. Estamos nesa circunstancia tan insalubre para a suposta democracia que leva tanto tempo xustificándose, tentando dar novas de normalidade, dunha certa xustiza, e non atina con ela, co seu carácter reparador que defenda os intereses dos máis débiles, dos máis fráxiles, dos máis abondosos. Estamos véndoo cos nosos propios ollos. Estabamos no escándalo da esperanza e a memoria, para ver que a xustiza é revolucionaria, que é –aunque tarde-reparadora, que volve polos esquecidos. Dámonos conta que tamén pode causar catástrofes. A razón quizais sexa que a xustiza tamén está debaixo dos mandados da banca e das grandes empresas da patronal e financeiras. Pobres de nós, de ser así – e resulta evidente- estamos apañados, xa que nos gobernan eles e non

a xustiza nin os parlamentos. O Tribunal Supremo acaba de agacharse, incapaz de ditar sentencia firme e de facerse valer. Pásalle o mesmo aos políticos, aos bispos, aos ministros, á oposición e a todas as administracións. Agora tamén aos xuíces, os que nunca son xulgados e que, polo visto, van dar lugar a desconfianza fundada. Con só anunciar as malas prácticas dos bancos ao conceder préstamos e hipotecas xa se acanearon as bolsas e xa empezou o baile e os arrepentimentos. Rectificacións, emendas, agardar o insólito: volta atrás. Cando despois dunha orde vén unha contraorde, resulta absoluta desorde. Ao final pagaremos nós as dúbidas e os silencios, o medo da xustiza. Xa lle viron as orellas ao lobo e corrixen a sentenza con novidosas improvisacións dunha omisión que non foi advertida no seu día, cando sería o normal motivando controis xurídicos de accións e alertas para amparar aos cidadáns. Todo isto levantouse por unhas hipotecas e prácticas abusivas dos bancos que, como non, faciánnos pagar os actos xurídicos documentais para evitar os

seus riscos, que eles presupoñían, e que cargaban en nós, sendo eles os beneficiados. Levamos tanto tempo en crise, xa parece existencial. Non damos crido que isto sexa fundamento dunha democracia. Igual non é unha democracia ou está en cotas ínfimas de credibilidade. Non é extraño ver políticos no cárcere por defender, iso si con dentes e uñas, os seus perversos intereses, porque non os xuíces cando se sitúan á marxe da lei? Agora tamén resulta normal ver como as empresas, aloumiñadas con orzamentos millonarios públicos, marchan despois de recadar as primas que lles deron uns gobernos torpes, que non pediron compromisos a cambio das dádivas. Alguén preguntou polo hábil xestor que, despois de darlles mil millóns, non pediu contrapartidas? Quen foi, pagou por iso? Aí está Alcoa, 700 postos de traballo que deixa para que a mesma sociedade resolva. Miles de persoas seguen na corda frouxa, familias desafiuzadas, expulsadas e a xustiza arrógase e entrega o dereito de privalos dun fogar aos piratas, ponse do lado dos grandes, non vaia causar xustiza. Aínda para máis, temos gúrteles a mazo e outras lindezas feitas pan de cada día, onde están os que imparten xustiza? Todos eses casos agardando un algo de sentido e eles comedíndose nas sentenzas conde-

natorias que resultan evidentes. Son poucos os que devolven o roubado, será ineficacia xudicial? Temos enriba de nós as eléctricas cobrando como se fose un luxo tirar da luz, e as autopistas cobrando por respirar, por ir e vir pola nosa casa. Nin aos que coas minas desfán a paisaxe e os ríos, contaminando o aire. Aí tampouco lles botan o dente, pagamos nós e como por riba calamos, e pagamos a enerxía moito máis cara que os que non a xeran, para beneficiar a outros e encubrir o desfalco. Por iso abusan deste xeito e, en vista da nosa conformidade, seguiremos tapando os impagos doutros, coas subas de cada mes e cos baleiros de orde que eles imprimen, omitíndose na defensa de nós. Iso si, e parece novamente burla, fan apoloxía do emprego dunha enerxía moito máis intelixente e eficaz, cuns hábitos de consumo máis equilibrados e responsables. Non cabe dúbida, haberá que revisar o concepto que temos de democracia ou senón establecer unha categoría ínfima para este estado de aconteceres que nos invaden por todos lados.



Por Jesús Témez Fernández

A crise que xa anuncia o capitalismo

OFMI acaba de publicar un informe que reflicte unha serie de datos canto menos rechamantes. O descenso da extrema pobreza por baixo do 10 por cento da poboación mundial, o crecemento sostido global do 3 por cento e o aumento do emprego como notas positivas. Pero fai chamar a atención sobre un dato que xera unha gran inquietude en círculos empresariais e liberais: o alto endebedamento global que alcanza xa unha cifra mastodóntica de 150 billóns de dólares, é dicir, un 60% superior ao que existía no inicio da crise financeira de 2007.

Traducíndoo a termos máis munda-

nos vén dicir que os vencimentos de débeda en 2019 antóllanse difíciles de cumprir e que a situación é practicamente insustentable, máxime tendo en conta que os programas expansivos de compra de débeda por parte dos bancos centrais están a expirar e que os tipos de interese empezan a subir de forma paulatina para poder controlar a epidemia inflacionista que diría un ortodoxo neoliberal.

O capitalismo na súa versión globalizadora, neoliberalizada e depredadora viu na débeda a forma máis sofisticada de escravizar ás sociedades castigándoas co receptorio do austericidio e condenándoas á case sub-

sistencia. O proceso é moi sinxelo e pouco artificioso. As compras de débeda pública veñen predeterminadas en función das notas que unhas axencias de cualificación outorgan á calidade desa débeda emitida en función dunha serie de variables, fundamentalmente macroeconómicas, tendo como principais referencias a débeda e o déficit asumido por eses países obxectos desa compra.

Unha vez analizados eses datos emiten unha cualificación que é o que mediáticamente transcende como prima de risco e será a principal ferramenta de presión para que posteriormente apliquen programas económicos ortodoxos segundo os criterios neoliberais anglosaxóns.

Curiosamente as máis senlleiras desas axencias de cualificación son de ámbito anglosaxón e, grazas a

elas, os fondos de investimento na súa versión voitree, soberana ou o que vostedes queiran chamarlle fan os negocios máis rendibles da historia económica. Asusta pensar como determinados fondos tipo blackrock dispoñen de capitais movilizables que poden desestabilizar países enteiros e con iso a xeopolítica mundial e como iso é posible sen que desde o ámbito político fíxose nada para remedialo. O por qué e as súas causas déixoo ao libre cuestionamiento dos documentados lectores, pero o certo é que nunca o planeta estivo máis exposto, fráxil e inestable que desde que a globalización con todos os seus resortes irrompese nos comezos dos 90.



Opinión

Por Nemesio Barxa

Nacionalista ou patriota?

Era a antonimia que um ilustre catedrático de não sei que disciplina numa Universidade qualquer (digo o de “ilustre” porque falava na TVE), para mim desconhecido nem lembro seu nome, pois só atendim que falava quando escoitei dizer que a diferença entre o patriota e o nacionalista era o carácter excluinte de este último. O patriota ama a todos os da sua patria mentras que o nacionalista exclue aos que não formam parte de sua nação. Fiquei pampo, sem entender nada e sem que o “ilustre” aclarase mais seu argumento ou, mais bem, de claración.

A enxurrada de declarações, informes, opiniões e falsas verdades que levamos aturado especialmente no último ano e medio em relação com os nacionalismos é abrumadora. O primeiro que teriam que aclararnos é porque o que chamam Espanha é uma nação, com direito a patriotas, mentras que Galiza, Euskadi e Catalunya, igualmente nações mas sem Estado, só temos peligrosos nacionalistas. Eu sou tam patriota (a fe que não gosto da palvra) galego como o Sr. Rivera pode ser patriota espanhol, mas com evidentes diferencias, não só no plano idelógico senão tambien no reconhecimento dos direitos dos

outros; observo como os patriotas espanhóis som excluintes com todos aqueles que reclamam seus propios direitos nacionais, mas entre os nacionalistas, se bem é ceto que não temos muitas oportunidades para “excluir” aos espanholistas, não se trata de excluir senão de integrar, de convencer e, em definitiva, de obter o reconhecimento da nossa especificidade.

As luitas dos povos por obter a sua emancipación nacional foi uma constante especialmente nos séculos XIX e XX; há muitos outros povos, outras nações sem Estado, que seguem na luta por havelo obtido. Esta situación vem reconhecida internacionalmente p.ex. para o povo saharauí, entregado inerme e traido polo Reino de Espanha e seu monarca a Marrocos. Resultam notorios o Kurdistan e Palestina ainda que em Africa a Asia som muitos os povos que reclaman sua soberania e em Europa o movimento autonomista evidenciase nos últimos tempos.

Pois bem, sem remontarnos á colonização dos países imperialistas europeos em Africa ou América em séculos anteriores, nos que tambien se dava esa circunstancia, os que realmente som excluintes som os países colonizadores; qualquera país ou Estado que

pretenda dominar outro povo ou nação sem Estado o primeiro que fai é privalo ou reducirle as oportunidades e direitos sobre sua cultura. Primeira exclusão. Depois excluir seu idioma da administração pública e do ensino. Logo utilizar as relações sociais para devaluar socialmente o sentimento nacional do povo sometido substituir ou reprimir as festividades autoctonas, acosar as manifestações de carácter popular nacional, alem de chuchar os recursos económicos e naturais.

Excluinte é o nacionalismo imperialista e seus patriotas, os nacionalistas limitamos, e não sem esforço, a recuperar o que nos pertence, a defendermos do apetite económico e de dominação do país colonizador. Galiza vem demostrando no transcurso da sua historia e concretamente no actual tempo histórico, seu clamor pola soberania nacional e tambien por algo tam simple como que seus nenos se escolaricem na sua lingua, que sua lingua propia, o galego, se utilice com normalidade na Administração e na sociedade, que os recursos económicos revirtam no propio país... mas o certo que não so não se nos fai caso senão que nos excluem o idioma, nos excluem de uma normal relação lingüística com a Administração pública, se nos exclue de administrar nossos propios recursos naturais. Compranse vontades para que galegos de nacimiento, elegidos por uma parte impor-

tante do povo galego para que os representem e defendam nas Cortes Gerais, votem em contra do uso do galego na Administração, no traspaso da AP-9, etc,

E leva-se ao resto do Estado a falsa noticia de que na Galiza o uso do castelhano desaparece para criar um estado de opinião contrario, em concreto no estúpido Reino de Espanha, de que os espanhóis som os agredidos e justificar que a monarquia e o governo sejam os agresores. Ou que os agredidos em Catalunya no 1-0, foram os policias deslocados a Barcelona polo governo, com absoluto cinismo e a pesar de todas as gravações existentes.

Lamentavelmente ainda som muitos os galegos que, polos motivos que sejam, não som capaces de perceber que os manipulam para as eleições, que os embaucam com os logros que dizem obter ou com as justificações de acordos contrarios aos intereses do propio país. Mentras tanto a miseria continua, o campo fica ermo, desguazase a frota naval, as empresas saem do país (mais de 130 no último ano) e despilfarrase o dinheiro em obras inúteis mas com altas posibilidades de beneficios espúreos.

Quinta do Limoeiro, outubro de 2.018



Por Eloy Mojón, coordinador de Democracia Ourensana

O Concello de Ourense cae a pedazos

Catro anos sen orzamentos comezan a pasar factura. A falta de mantemento trae consigo que asistamos á alarmante deterioración en varios edificios que aloxan moitas das dependencias municipais. Ás graves deficiencias estruturais de moitos deles, antigos inmobles restaurados, engádesse unha ausencia case total de labores de mantemento e conservación que traen como consecuencia que apenas permitam cumprir o seu labor ou o fagan en condicións lamentables.

O edificio nobre da Praza

Maior ten unha funcionalidade moi reducida. Os técnicos limitan o aforamento do público asistente aos plenos a 25 persoas e reduciron drásticamente a dispoñibilidade tanto da planta segunda e a última alertando sobre os perigos para a estrutura.

Estes días asistimos ao derrube de placas de escaiola en escaleiras e nalgún baño. A todo iso unimos a problemática do gas radón detectado tanto aquí como noutros edificios que tamén obrigou a desalojar despachos na planta do soto.

Coa volta das choivas vol-

ven as pingueiras e humidades ao edificio de Facenda, Recadación, na praza da Imprenta onde os funcionarios denuncian presenza de auga nas catro plantas onde mesmo se chegan a mollar os expedientes.

Tamén nos chegan moi preocupantes denuncias sobre o estado da escaleira de madeira do edificio de infraestruturas na praza do Trigo cada día máis devorada polo caruncho.

E múltiples deficiencias detectadas no resto de dependencias municipais que se sitúan na zona vella e que

ante a negligencia e pasividade desta Alcaldía comezan a ameazar a seguridade e a

saúde tanto de traballadores como cidadáns que acoden a elas.



Desprendementos de escaiola no edificio nobre de Praza Maior.

Por Isidoro Gracia

A propósito do Brexit e algúns resultados electorais

O futuro de Europa e a metáfora do payaso de Kierkegaard

Fai anos, reflexionei sobre cara a onde marcha a U.E. e Europa, terminaba en 2015 cunha pregunta: Os meus netos seguirán vivindo nunha Europa en paz?

Á vista dos acontecementos recentes, as preguntas sobre o futuro da UE, e como consecuencia do conxunto de Europa, xa se deben situar no tempo dos fillos, e ata no dos que xa superamos a idade de xubilación.

Comecemos pola metáfora, contaba Kierkegaard que un circo comezou a arder. O empresario, non tendo outra persoa máis a man, enviou ao payaso a comunicar aos asistentes o suceso. Pero o público, ao oír a trágica noticia de beizos do payaso, creu que se trataba dunha bufonada máis e non abandonou o recinto. O incendio estendeuse, e boa parte do público pereceu, vítima dunha mentalidade sen a agilidad e intelixencia necesarias para escoitar unha mensaxe e entendelo.

O fenómeno do illamento cos da propia tribo, como solución a todos os

problemas, e o perigo que implica o xurgimento de partidos políticos que explotan o nacionalismo fronte a idea da unidade, favorecen a intolerancia fronte a ideoloxías, credos e razas, e terminase censurando e perseguindo todo o que non encaixe dentro do seu esquema ideolóxico.

Este fenómeno de illamento político coñécese como nacionalismo, e estivo na base do estallido en Europa da Primeira Guerra Mundial e tamén da Segunda. Por certo, o aspecto do pregoeiro da mensaxe, no que se anunciaba o gran incendio de Europa (Hitler), moitos o consideraron tan ridículo como o do payaso de Kierkegaard, e a maioría do público tampouco entendeu a mensaxe, é máis puxo ao pregoeiro ao mando cos seus votos.

Para evitar que o público europeo fose outra vez cliente dese tipo de mensaxes, aceptando e votando ás súas valedores, e convertendo así, por enésima vez, a Europa nun escenario, no que o espectáculo resulta ser unha violenta fogueira, na que os estados agrédense sen límites, algúns pensadores visionarios

intentaron unha creación, que tivo e aínda ten (ou debería ter) como primeiro obxectivo salvar á propia civilización europea do colapso, ao que se viu abocada polas continuas guerras entre veciños, a Comunidade Económica Europea, da que deveu a actual Unión Europea.

Segundo Toynbee ao colapso dunha civilización chegaríase pola incapacidade das institucións de dar solucións aos problemas dos seus cidadáns, o que favorecería a desintegración e un cisma no corpo social, corpo social que se fracciona nunha minoría dominante, un proletariado interno e un proletariado externo. Do avance dos partidarios da desintegración da U.E. dan fe o Brexit, o incremento dos votos dos partidos anti europeos e xenófobos, ata o seu acceso a gobernos como os de Polonia ou Hungría, mesmo Italia, os rozamentos cun aliado como Turquía, ou as posicións do novo presidente electo de EEUU. Da aparición doutros factores, tamén estudados por Toynbee, como o fraccionamiento do corpo social nunha minoría dominante (hoxe maioritariamente especuladores e financeiros); un proletariado interno, producido e ampliado polas políticas austericidas, xeradoras de parados, estafados, desposeídos de vivenda e servizos públicos, explotados laborais, dependentes privados de axuda, etc. E

dun proletariado externo, que hoxe se conta en millóns de migrantes pressionando sobre as fronteiras, basta confirmar a súa existencia nas cabeceras diarias de todos os medios de comunicación.

Por si non fosen suficientes os avisos externos, aquí, en España, séguese xogando a fraccionar, en base a nacionalismos que disimulan a simple demanda de exclusividad para a depredación nun territorio determinado, e ata forzas que se autoprocáman progresistas, invitan ao xogo da ruleta rusa dos referendo, que rompen sociedades consolidadas en convivencia pacífica durante décadas.

A risco de que me fagan o mesmo caso que ao payaso de Kierkegaard, eu aviso, hai un incendio que ameaza con arrasar a sociedade na que se conseguiu o maior grado de liberdade e benestar, para unha gran maioría. E os catro factores para que se produza están presentes e próximos. O combustible; a desigualdade; o comburento: a indignación crecente; a enerxía de activación os discursos aislacionistas e xenófobos; e a reacción en cadea: as decisións dos gobernos mal chamados populistas.



M
Abogados Moreno

bsuarez@abogadosmoreno.es www.abogadosmoreno.es

986410949 (Vigo) - 986182122 (Salvaterra)

Calle Venezuela, 12, 1º E. Vigo.
Rúa Galicia, 5. Salvaterra de Miño.

Bufete BARXA
advogados S.L.

Civil
Empresarial
Penal

nemesio.barxa@barxadvogados.gal www.barxadvogados.gal

Sam Donmigos, 39, 1ºB . 988 228 420 . Ourense

Praza da Princesa, 6, 1ºA . 986 432 680 . Vigo

Rúa de Ceuta, 60, 5ºda. . 351 220 020 58 . Porto

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·

· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·
Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA

Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

Opinión

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

As ideas non poden ser delicto

Nunha sociedade democrática o Dereito Penal é o derradeiro instrumento, a derradeira ratio. Só as condutas verdadeiramente graves en termos de dano aos bens xurídicos protexidos nunha democracia poden ser sancionados penalmente.

Vivir en liberdade, vivir en democracia, presupón vivir nun réxime onde a expresión das ideas non pode ser perseguida penalmente. Evidentemente, o problema non está nas críticas construtivas, moderadas, sistémicas. Porque a liberdade de expresión o que xustamente defende é a difusión das ideas menos conformes co criterio social maioritario, as críticas

máis acedas e mesmo menos fundadas a respecto dos Gobernos, Igrexas, Xefes de Estado e poderes económicos, sociais, políticos e relixiosos. Porque a liberdade de expresión conleva o dereito de refugar ácedamente calquera Autoridade ou calquera valor ou consenso maioritario.

Velaí a conveniencia de derogarmos preceptos penais desaquelados e de moi dubidosa constitucionalidade, como os que penan as inxurias ao Xefe do Estado e restrinxir moi radicalmente o ámbito dos delitos contra dos sentimentos relixiosos ou de odio para penar só ás chamadas directas, unívocas e potencialmente eficaces na praxe a

cometer delitos graves contra a Autoridade e os seus axentes e/ou contra minorías concretas por razóns discriminatorias. Na dúbida, nin acusar nin moito menos penar.

Caso especial é o da apoloxía do terrorismo etarra. Porque éste desapareceu no outono de 2011, mentres que as penas por apoloxía do terrorismo etarra medraron substancialmente dende o 2012. Absurdo, xa que a apoloxía só debe castigar as condutas que ameacen con accións terroristas concretas e xustifiquen directamente as mesmas. Sen banda terrorista non pode haber apoloxía efectiva.

Tampouco a ficción, a creación literaria ou artística, poden constituír delito ningún. O caso Valtoryc ven de amosar que o Dereito Penal español

neste eido choca coa aplicación europea do mesmo. Porque a función do bufón sempre foi a de criticar e mesmo ridiculizar ao Poder. Mais esta

total despenalización da ficción cómpre non só que sexa aplicada na orde xurídico-penal senón tamén na censura social do politicamente correcto. Nin Siniestro Total quería insultar aos musulmáns ("Ayatollah, no me toques la pirola...") nin Loquillo ("La mataré") ou Roberto Cantoral ("El preso nº 9") querían xustificar o feminicidio.

Ao final non é tan difícil. Trátase de se pór do lado do bufón. E, sobre todo, de aplicarmos o sentidío.



Por Ramón Coira Luaces

O misterio de Stonehenge

Non serei eu quen desentrañe os misterios de Stonehenge pero - como afeccionado- si podo facer algúns comentarios ao respecto. Este monumento prehistórico arredado de prados nos que pastan as ovellas e revoan os corvos, foi construído en distintas fases entre o 3.000 e o 2.200 a. de C., en plena Idade de Bronce. As pedras foron traídas de lugares remotos, facéndolas rodar sobre troncos de árbores. Stonehenge era un santuario, ao que se acudía desde lugares afastados. As casas reconstruídas da xente da época eran similares ás pallozas, só que coas paredes de paus e barro, de xeito moi similar ás que se poden visitar no campo arqueolóxico de Campo Lameiro, tamén da Idade do Bronce. E o teito en ambos os dous casos é de cuberta vexetal. En Escocia

tamén hai un cromlech sonado ou círculo pétreo e en Galiza atopáronse restos de varios; porén ningún tan espectacular, pola súa conservación, monumentalidade, ensamblaxe das pedras e perfección. Fálase tamén da harmonía que garda esta construción co movemento dos astros e, en concreto, co solsticio de inverno. A pre-



gunta do millón é porqué se tomaron tantas molestias para construíren un santuario así. Só vou apuntar unha hipótese. O inverno era tradicionalmente unha época dura para os habitantes da Idade do Bronce destas latitudes: facía frío, non había colleitas e era obrigado vivir das reservas acumuladas. Era o medo á fame a razón que os moveu a construíren Stonehenge? Hai teorías que apuntan a isto; porén segue a ser un misterio... Tamén se sabe que, anteriormente ao círculo pétreo, había outro feito con postes de madeira.

Nesta época había relacións mercantís fluídas entre o que hoxe é Galiza, Bretaña, Irlanda e Gran Bretaña. Os fenicios viñan buscar principalmente o estaño (pois con nove partes de cobre e unha de estaño facíase o bronce). Po-

rén tamén buscaban ouro, peles,... que obtiñan a cambio de cerámica fina, viño e das codiciadas teas púrpura. Segundo din @s entendid@s, @s nos@ remot@s devanceir@s facían de intermediarios entre os fenicios e os habitantes das Illas Británicas e desprazábanse polo Atlántico en busca do estaño. E talvez sexa esta a orixe da lenda de Breogán á que alude o noso himno, facéndose eco do Libro irlandés das Invasións. No entanto, posteriormente, coa cultura castrexa e a Idade do Ferro, a importancia destes contactos redúcese considerablemente até o punto -quizáis- de desapareceren.

Se ides a Londres, paga a pena contratar unha excursión para visitar Stonehenge; aínda que non deixan nin tocar nin achegarse ás pedras. Fan



O futuro do portugués

O portugués actualmente é falado por aproximadamente 250 millóns de persoas e calcúlase que en 2050 será a lingua de 335 millóns de habitantes do planeta. O maior crecemento estíma-se que será non tanto en Portugal e no Brasil como en África: Angola, Moçambique, Guiné-Bissau, Cavo Verde,... Entre

2.000 e 2008 o portugués teve o segundo maior crecemento na Internet a nivel mundial, sendo só superado polo árabe. É tamén o terceiro idioma máis usado no Twitter, depois do inglés e do japonés. Ademais tamén debemos ter en conta os cinco millóns de emigrantes portugueses espallados pola Europa, EE.UU e Canadá

que também falam português. Não é muito relevante estatisticamente, mais acho que aumenta igualmente o estudo de português entre alunado estrangeiro. Na Galiza há mais de dois mil estudantes desta lingua tam semelhanse ao galego e com a que comparte uma origem comum. Há poucos anos que se estuda no ensino meio e o alunado poderia ser muito mais de não haver tam pouco estímulo oficial e tantas entraves e desconfianças ofi-

ciais ás relações entre o povo galego e o povo português.



■ Por Carlos Méixome

Alarma corporal

En verdade debía acudir o pasado domingo a Compostela. Máis que nada por darlles unhas apertas a vellos amigos e amigas. Hai tempo que non o fago por disolución acordada, atinada e, por demais, xenerosa.

Unha semana antes algúns malestares sintomáticos, coñecidos e repetidos, comezaron a ensinar a orela e a agravarse ata impedirmo. Para min que se trataba dun estado de alarma que me advertíame contra o Viva lo nuevo! que dicían os jonsistas e a retórica falanxista dos anos trinta, para ocultar violentas actitudes milicianas. Así que o meu corpo

non me deixou acudir, permitíume un alivio rápido, como cantaba o Reixa, e evitoume os desgustos, que non por reiterados deixan de producir dor.

A desagradable escenificación dunha ruptura anunciada con arteira reiteración tivo lugar o pasado domingo. Pasaxe, coa nación de fondo, nada orixinal. Coido que en Cataluña en Común andan con leas semellantes, só que para os lostregazos empregan barretinas no lugar de puchas con viseira.

Digo que a cousa nin é orixinal, nin ten novidade. Só constata un feito. O espazo nacional, soberano, agrupado

arredor de Luís Villares, non só lle bota un pulso á Triple Alianza senón que, nun exercicio de paciencia bíblica, llo mantén.

Unha Esquerda Unida consciente do seu rol marxinal como tal, pero confiada na súa gran capacidade de influencia. Un Podemos que aprendeu que o de asaltar os ceos ficou para mellor ocasión e do que se trata é de aproveitar o fraccionamiento das dereitas para unha gran coalición da esquerda coa aquiescencia dos proxectos nacionais que exercen como tais; pero cantos menos mellor. Unha Anova inútil, infantilizada, comesta pola couza, que só serve para armar barullo e impedir a consolidación dun espazo nacional plural e compartido pola esquerda, nacionalista ou non.

Dende a nación-política pódense entender os máis complexos sistemas de alianzas, pero non é doado mirar para outro lado cando se nega o único irrenunciabile: a autoorganización política.

A posibilidade dunha pluralidade de opcións nacionalistas está aberta. As de diálogo entre elas e con outras esquerdas non se pode pechar.

Agás que todo sexa a representación de falsos devotos, de fungos agochados baixo a terra, de enganosas trufas, duns cantos tartufos que só procuran quedarse cos bens de Orgón.



■ Por Luís Quintas Abadín é o presidente da xunta xestora da CNGER.

Reunión da Coordinadora Nacional galega de Emigrantes Retornados

A Comisión da Coordinadora Nacional galega de Emigrantes Retornados reuniuse co Grupo Parlamentario Socialista no Congreso dos Deputados, en Madrid. A comisión fue recibida polo presidente da Comisión de Facenda Hurtado Zurera, deputada Patricia Blanquer e deputada de Asuntos Sociais, relacionados coa Seguridade Social.

“A recepción foi correcta e agradable, por parte da Comisión que nos recibiu, así como tamén o respecto de distintas deputadas que nos atopamos polos pasillos do Congreso. A reunión desenrolouse nuns termos correctos, aínda que temos que dicir que houbo momentos de duro e intenso debate dialéctico entre as dúas partes. Hurtado acabou felicitándonos polos logros conseguidos polos emigrantes retornados, que non son poucos, recoñecendo e loando en nome do seu Grupo o labor e a valentía dos emigrantes retornados, que durante cinco anos veñen reclamando os seus dereitos, xustiza e igualdade e pedindo os gobernantes de todos estes anos máis atención a situación do colectivo dos emigrantes, dos de antes e dos de agora, pois desgraciadamente a sangría da emigración sigue de actualidade”.

Recoñeceu tamen que sin a nosa loita e mobilizacións serían imposibles os logros conseguidos e que fora aprobada en Comisión unha nova Proposición Non de Lei, (coa abstención do PP que

lideraba o deputado galego Tomás Fole, ex-alcalde de Vilagarcía de Arousa), una Lei que nós consideramos positiva pero insuficiente, daí a reunión para por enriba da mesa que se acepten as nosas propostas, co fin de poder acadar o obxectivo polo que levamos loitando tantos anos, máis de 250 mil traballadores galegos emigrantes retornados pensionistas e xubilados, que non é outro que: a xustiza e igualdade fiscal e social.

Cada membro da Comisión dos emigrantes retornados levabamos un tema preparado para desenrolar durante a reunión, para ser breves e claros. Para coñecemento do noso colectivo das Plataformas Comarcais de CNGER e da opinión pública galega en xeral, facemos un breve resumo dos temas desta reunión:

Asuntos tratados

Problema das pensións de invalideces: Compromiso de homologación, e dicir, recoñecemento de oficio, tal e como veñen especificadas dos países pagadores.

Problema das pensións de Alemaña: Compromiso da devolución de oficio do pagado ilegalmente dos anos que non estean prescritos. Sabemos que hai miles de persoas que non reclamaron os cartos, unha mágoa porque agora xa non se pode reclamar máis que unha pequena parte. Aínda así nós reivindicamos que se devolvan os cartos de oficio a todos e a todas as persoas que lle cobraron ilegalmente, como recoñece

o TSX de Galicia.

Problema de máis dun o de máis pagadores: Éles ven difícil e complexa a súa eliminación, comprométense a seguir traballando coa ministra de Facenda para elaborar o que eles chamaron “un tratamento fiscal específico” para os emigrantes retornados, buscando unha fórmula para eximir de cotizar unha das pensións (a que agora está exenta é que chega a 1.500 euros anuais e que non hai obriga de declarar, aumentándoa) e ista podería ser a vía, ampliando ista cantidade e buscando un tratamento especial para o resto da pensión.

Novo imposto de Alemaña: No convenio bilateral do 2012 asinado por Alemaña e España e que grava con un 5% as pensións, vixente xa desde o ano 2015, o país xermano xa comezou a a enviar cartas os emigrante retornados reclamando que fagan as suas liquidacións do período 2015-2017. Solicítase o Goberno do Estado español que se revoque iste convenio para evitar a dobre-imposición. Francia xa mostrou a intención de sumarse a este novo imposto.

O problema da Seguridade Social: Hai moitas persoas que teñen que pagar a Seguridade Social todos os meses 87,50 euros dos seus petos para poder ter asistencia médica. A deputada de Asuntos Sociais infórmanos de que este tema está solucionado pola Lei da Sanidade Universal para todas e todos (sin exclusións), que garante este dereito. (Publicada no BOE do 30 de xullo de 2018).

O problema da retroactividade: Están dacordo con nós e recoñecen que o da retroactividade que nos aplicaron foi

un abuso, un verdadeiro atropelo, raiando coa ilegalidade. Agora é moi difícil a súa devolución, pois casi todo está prescrito, e as leis non se poden saltar. Nós insistimos dicíndolle que non renunciamos a nada, foi un atraco do PP de Rajoy e Montoro, un “plan de espolio” dos nosos cartos, un atraco para facer caixa e tapar as súas miserias, pagamos os máis débiles, os emigrantes retornados. Este asunto debería ter un tratamento especial de reparación da inxustiza por parte da Xustiza do Estado español, que nós temos denunciado na UE, precisamente por “discriminación” (ver Carta dos Dereitos Humanos). O señor Hurtado indicounos que cada quen, ten o dereito de poder recurrir os tribunais de Xustiza estes pagos cuasilegais da retroactividade.

Comprométense tamén a crear un grupo de “técnicos específicos especiais” para informar e asesorar aos emigrantes retornados no referente o IRPF. Nós insistimos e pedímolles que se lexisle e se facilite información clara e persoal que chegue as casas de todo o colectivo.

Despois de dúas horas de debate (6 da tarde), tivemos que rematar a reunión para voltar no derradeiro tren que sae de Madrid, que nos traía de volta a Galicia. Fixemos os deberes como mellor soubemos. Agora agardamos que os esforzos e ás mobilizacións de todo o colectivo dos emigrantes retornados galegos dea os froitos que todos esperamos e que o novo Goberno do Estado do PSOE de Pedro Sánchez cumpra coas suas promesas e os acordos acadados para conseguir a tan desexada igualdade fiscal e social.

Galicia

Redacción A CORUÑA



Entrega das chaves do Faro de Oza

O alcalde, Xulio Ferreiro, e a concelleira de Participación e Innovación Democrática, Claudia Delso, fixeron entrega das chaves do Faro de Oza ao grupo que inaugura o seu uso como primeiro espazo de uso cidadán TEU do Concello. Neste caso foi a asociación ve-

ciñal Oza, Gaiteira e Os Castro a que reservou o faro para a súa visita tras un roteiro polo bordo litoral. O rexedor salientou a boa acollida que está a ter esta iniciativa tanto para usos particulares de familias e grupos de amigos como para a celebración das actividades de asociacións e entidades cultu-

rais. "Esperamos que estas primeiras experiencias dean máis impulso se cabe á cidadanía para seguir conquistando este espazo que é de todas e de todos. Pola súa banda, o Goberno local continuará a traballar para abrir máis espazos TEU e poñelos á disposición da cidadanía", indicou.

Teatro Noite Bohemia, gañadores do XIII Concurso Estatal de Teatro Clásico Grecolatino

O alcalde, Xulio Ferreiro, recibiu no Pazo de María Pita ao grupo de Teatro Noite Bohemia, do IES Ramón Menéndez Pidal, que vén de gañar, recentemente,

dous premios no XIII Concurso Estatal de Teatro Clásico Grecolatino, organizado polo Ministerio de Educación. O grupo recibiu os galardóns tanto da modalidade de traxedia como

de comedia polas súas representacións de Troyanas, de Eurípides e Miles Gloriosus, de Plauto, espectáculos que formaron parte da programación das Festas de María Pita 2018.



O Kiosco Alfonso acolle a mostra 'Turismo e fotografía. Català-Roca en Galicia'

A Sala Municipal de Exposicións Kiosco Alfonso acolle até o 13 de xaneiro, a exposición Turismo e fotografía. Català-Roca en Galicia, unha mostra que recupera a crónica fotográfica das campañas que Francesc Català-Roca realizou en Galicia entre 1956 e 1976 e nas que retratou a vida cotiá da veciñanza, o traballo, a festa ou a irrupción do turismo.

A exposición está impulsada polo Concello da Coruña e o Concello de Santiago de Com-

postela e conta coa colaboración do Col·legi d'Arquitectes de Catalunya e do Museo do Pobo Galego. Consta de 110 imaxes seleccionadas polo comisario, Anxo Rabuñal, que fan referencia ás sete campañas que o fotógrafo levou a cabo en Galicia ao longo de 21 anos, e nas que reflicte a visión dun país en plena transformación económica e social, no que conviven tradicións e costumes de longo percorrido coa irrupción do turismo e a pegada do Ano Santo 1965 como fito fundamental.

UNICEF premia o proxecto "O noso patio"

O proxecto participativo O Noso Patio, impulsado pola comunidade educativa do CEIP Sanjurjo de Carricarte e posto en marcha coa colaboración do Concello, vén de recibir un premio no IX Certame de Boas Prácticas en Dereitos da Infancia e Política Municipal de UNICEF pola aplicación dunha

estratexia innovadora de participación infantil e adolescente no seu desenvolvemento.

A iniciativa, que recibiu na pasada primavera un dos tres premios da I Bienal Internacional de Educación en Arquitectura Ludantia, suma así un novo recoñecemento, "por impulsar o benestar da infancia e da adolescencia",



Presentación da maqueta de "O Noso Patio" no Pazo de María Pita, en xaneiro de 2017.

O Outono con Sabores de Ourense 2018

No marco cun dos fitos do ciclo festivo da cidade, os Magostos - festa declarada de interese turístico de Galicia-, Ourense celebra unha nova edición do concurso Sabores de Ourense, do 5 ao 18 de novembro, que este ano alcanza a súa décimo primeira edición. Organizado polo Concello de Ourense e a Unión de Hosteleros Ourenseños (UHO), participarán 51 locais con propostas elaboradas a base de castañas e cogomelos e cun prezo máximo, como en anteriores edicións, de 2,50 euros.

O Sabores de Ourense "é un evento moi esperado por todos os ourensáns, e ao mesmo tempo unha acción estratéxica para a posta en valor da gastronomía local", asegurou o alcalde de Ourense, Jesús Vázquez, "un dos piares fundamentais da nosa oferta turística", dixo. O concurso

é, ademais, o representante ourensán no De Tapas x Galicia, promovido por Turismo de Galicia, e no que participan cociñeiros das sete principais cidades. O establecemento gañador so Sabores de Ourense será o representante da cidade na final autonómica que, na pasada edición, tivo gañador ourensán.

Así o lembrou a directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, quen salientou a puxanza dos destinos de interior, con iniciativas coma o Sabores de Ourense. "No que vai de ano xa se superan os 94.000 visitantes na cidade", dixo, e boa culpa disto e a "riqueza gastronómica da nosa terra, con até catro denominacións de orixe". Unha delas, a do Ribeiro, participa activamente nesta edición do Sabores de Ourense.

O presidente do Consello Regulador da Denominación



Gogomelos en Bar Fuentefría.

de Orixe, Juan Manuel Casares, tamén quixo arropear o acto de presentación. Xunto a el, o concelleiro de Turismo e Termalismo, Jorge Pumar, e a delegada da Xunta de Galicia en Ourense, Marisol Díaz.

Actividades paralelas

A grande novidade desta edición do Sabores de Ourense é a cantidade de accións paralelas ao redor dos pinchos. Javier Outomuro, xerente da UHO, adiantou que haberá saídas ao monte en busca de cogomelos da man da Asociación

Micolóxica Os Cogordos, unha clase maxistral de cociña de cociña con castañas da man do chef Sergio Azagra Cruces, e unha segunda a cargo dos chefs gañadores nas categorías de xurado profesional e do público.

Polo demais, a organización establece un palmarés de ata 8 galardóns aos que poden optar os establecementos participantes: 3 elixidos por un xurado profesional,, 4 elixidos polo propio público, un galardón especial ao mellor petisco

sen glute, que outorga a delegación ourensá da Asociación de Celíacos de Galicia.

Premios

As votacións ao mellor pincho desta edición 2018 dos Sabores de Ourense poden realizarse a través das urnas distribuídas entre os establecementos participantes. Os establecementos que máis votos reciban, unha vez feito o recuento, faranse con algúns dos 3 premios do público. Para votar, cada persoa debe solicitar un ticket de votación e selalo por cada petisco que tome, xa que son necesario 3 selos para que estas papeletas de votación sexan válidas. Cada unha destas papeletas entrará nun sorteo de diferentes agasallos ofrecidos polos patrocinadores, e que inclúen estoxos de viño, lotes de produtos delicatessen, vales de compra e mesmo unha estancia para dúas persoas en balnearios da provincia.



Galicia

Redacción OURENSE

O presidente do Parlamento presenta en Castro Caldelas o libro "Portela Valladares: Ante el Estatuto"

O presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices Vieira, presentou no castelo de Castro Caldelas, o libro "Portela Valladares: Ante el Estatuto". Trátase dunha obra de Manuel Carrete Rivera que, ademais dun achegamento á figura de Portela Valladares e outros materiais, inclúe unha conferencia que este pronunciou no Centro Galego de Barcelona o 25 de xullo de 1932.

Santalices referiuse a Portela Valladares como un "home de profundas conviccións galeguistas e firme defensor da autonomía galega" que como tal "merece o noso recoñecemento". A xuízo do presidente do Parlamento de Galicia son merecedores de recoñecemento "cantos fixeron posible o Estatuto do 36 (plebiscitado, pero non promulgado por mor do estourido da Guerra Civil), grazas ao que Galicia obtivo, coa chegada da democracia, a consideración de comunidade histórica e, como tal, as elevadas cotas de autogoberno das que arestora dispoñemos e exercemos".

Para Santalices, Portela Valladares foi unha personalidade "controvertida" para gran parte dos seus coetáneos. "Ata tal



O acto celebrouse no castelo de Castro Caldelas.

punto foi así que falanxistas e republicanos o cuestionaron. Seguramente por iso caeu no esquecemento".

Explicou o titular do Lexislativo galego que coa decisión de presentar o libro en Castro Caldelas se pretende, ao tempo, reivindicar a figura de Manuel Casado Nieto, un home polifacético nado nesta localidade en 1912 e falecido en Barcelona en 1983. Escritor, tradutor da Biblia ao galego, fiscal da Audiencia de Barcelona e presidente do Centro Galego de Barcelona entre 1954 e 1972, Casado Nieto foi, "sobre todo, galego bo e xeneroso, sempre comprometido coa galeguidade", en palabras de Santalices.

"Estou seguro -afirmou Santalices- de que o Centro Galego de Barcelona nunca tería che-

gado a ser o que é hoxe sen o traballo e a entrega dun home de Castro Caldelas ao que moitos dos aquí presentes recordarán, Manuel Casado Nieto, un dos tres homenaxeados no Monumento aos Maxistrados, situado ao carón da Igrexa dos Remedios".

O libro presentado foi editado polo Centro Galego de Barcelona coa colaboración do Parlamento de Galicia. Na presentación, ademais do presidente do Parlamento, tomaron tamén a palabra o autor do libro, Manoel Carrete; a alcaldesa de Castro Caldelas, Sara Inés Vega; o vicepresidente da Deputación de Ourense, Rosendo Luís Fernández; e o secretario xeral de Política Lingüística da Xunta, Valentín García. O acto contou coa actuación musical de Amancio Prada.

Antón Pulido recibiu o Orcellón

O Instituto de Estudos Carballiñeses, do Carballiño, entregou o "III premio Ágora do Orcellón" a Antón Pulido (Bóveda 1944), pintor, gravador, deseñador e xeser cultural.

A súa obra presentouse en museos e galerías dentro e fóra de Galicia, entre outros, o Palau da Virreina de Barcelona, a Galería de Arte Conde Duque e a Universidade Autónoma de Madrid, a Jia Art Gallery de Teipei (Taiwan), a Contemporary Art Fair de Beijing (China), ademais de en institucións galegas de Vigo, Pontevedra, Ourense, A Coruña e Santiago de Compostela.

José María García Igrexas, catedrático de Historia da Arte, fixo unha laudatio do premiado.



Pulido recibiu en 2015 o Premio Trasalva.

Actuou o "Cuarteto Caramuxo", de Vigo, e estreouse a obra "Kermesse", creada polo compositor Antón Luís Pulido, fillo. Ao final do acto regalouse aos asistentes un exemplar do monográfico de revista "Ágora do Orcellón", o número 34, no que participan 65 colaboradores.

Millán Picouto traduce a Hamlet



Millán Picouto e Manuel Ramos.

O poeta, dramaturgo e compositor Millán Picouto protagonizou un encontro literario no Próximo. A lección que impartiu Millán Picouto sobre Hamlet e o seu autor, para el sen dúbida Edward de Vere. Foi con motivo da presentación do libro que edita Linteo sobre Hamlet que Millán traduciu en verso atendendo á métrica e o ritmo do inglés orixinal cunha introdución de máis de

cen páxinas onde debulla a verdadeira identidade de Shakespeare.

Presentou ao autor o editor Manuel Ramos, que aposta polo difícil cando coincide en que o tema o apaixona. Dúas horas longas que realmente podían ser máis pois ao final abreviouse parte da documentación que restaba por contar. Unha tarde de literatura intensa e moi interesante, sen dúbida.

Galegos de Oviedo de visita en Ourense



Membros da Asociación Día de Galicia en Asturias pasaron unha fin de semana na provincia de Ourense. Hospedados no balneario de Laías, visitaron unha adega do Ribeiro. Na capital da provincia estiveron nas Burgas, Praza Maior, Museo Ar-

queolóxico, Santa María Nai e catedral de san Martiño e o Casco Vello. Na Ribeira Sacra visitaron o mosteiro de san Pedro de Rocas, Os Peares o parador de Santo Estevo, onde xantaron antes de regresar a Oviedo, e navegaron polo río Sil en catamarán.

A Pesca protagoniza a primeira xornada sectorial do PSdeG de Pontevedra

O secretario xeral da agrupación provincial do PSdeG de Pontevedra, David Regades, participou na apertura da xornada de Pesca organizada pola Executiva Provincial de Pontevedra que tivo lugar en Redondela.

“Estamos moi contentos de ter reunido a case 200 persoas nestas primeiras xornadas de pesca que organizamos desde a executiva provincial”, asegura o secretario xeral. “Creemos que a forma de facer política e políticas e collendo ideas coa base, cos sectores, da xente” implicada

Regades situou o sector pesqueiro como “unha prioridade” para os socialistas e destacou a importancia de que as políticas específicas “xurdan” do propio sector.

De aí, explicou, a organización destas xornadas, na que non só participan distintos responsables do partido, como o eurodeputado José Blanco e a ex ministra Elena Espinosa, senón tamén destacados dirixentes do sector, como o director xerente da Asociación de Armadores de Buques de Pesca de Marín, Juan Carlos Martín Fragueiro; a patrona maior da confraría maior de Vilanova de Arousa, María Vales; e o representante da Asociación de Armadores de Cerco de Galicia,



Andrés García Butureira.

“Esta é a primeira, pero non será a única xornada sectorial que imos realizar. Imos reunirnos cos diferentes sectores e colectivos da provincia para coñecer as súas problemáticas, recoller as súas achegas e traballar con eles para incorporalas aos nosos programas electorais”, asegurou o secretario xeral. “O futuro do país e da provincia de Pontevedra tense que facer e basear nas persoas dos sectores implicados”.

Na apertura das xornadas participou tamén Gonzalo Caballero, máximo dirixente do partido a nivel galego, que quixo destacar a importancia deste sector en Galicia, un país que se ten feito “a carón do mar”. “Os socialistas sabemos da importancia da pesca

en Galicia no eido económico e social”, subliñou. O secretario xeral do PSdeG avogou por “buscar dende as institucións mecanismos de coexistión” que permitan “involucrar ao sector na gobernanza”, a fin de que a pesca sexa “un polo de impulso económico” á vez que se manteña “o respecto á biodiversidade” para “dar futuro”.

Os retos da flota industrial, a problemática do cerco ou os novos regulamentos que veñen da Unión Europea foron os temas que centraron as tres mesas que tiveron lugar durante a mañá. O formato estivo aberto ás intervencións do público, provocando un debate sincero e enriquecedor no que xurdiron temas como o Brexit, as cotas ou a renovación da flota pesqueira.

Artigo en Italia sobre a obra poética do autor galego Genaro da Silva.

A web italiana www.insulaeuropea.eu acolle un artigo de Marco Paone sobre a obra poética de Genaro da Silva. O texto “Le torture del mondo e la poesia come ricerca-fradesiderio e oggetto: Esguello e Flor negra di Genaro da Silva, di Marco Paone” inclúe a tradución ao italiano dalgúns versos para exemplificar a pescuda sobre o obxecto poético como revelador lingüístico da realidade. Ponse así a énfase na relación entre poesía e filosofía baixo a perspectiva doutros estudos doutros espazos culturais.

Pódese consultar o texto italiano e en versión orixinal na seguinte ligazón: <http://www.insulaeuropea.eu/2018/10/24/le-torture-del-mondo-e-la-poesia-come-ricerca-fradesiderio-e-oggetto-esguello-e-flor-negra-di-genaro-da-silva-di-marco-paone/>.

Marco Paone é profesor na Università degli Studi di Perugia, para alén de tradutor, animador cultural e poeta. Bo coñe-



Marco Paone

cedor da lírica galega contemporánea despois de vivir varios anos en Santiago de Compostela para completar os seus estudos de doutoramento en literatura comparada, colabora co profesor Carlo Pulsoni na organización de numerosas actividades relacionadas coa nosa cultura en Italia desde o Centro de Estudos Galegos (<http://www.pgalego.it/>). Mesmo ten publicado o poemario Ultramarinos en lingua galega (Follas Novas, 2014).

A web Insulaeuropea.eu, dirixida polo profesor da Università de Perugia Carlo Pulsoni, publica información, entrevistas, investigación e recensións relacionadas coas diferentes literaturas e Europa, entre elas a galega.

Conferencia de Carlos Núñez na RAG

O gaiteiro Carlos Núñez viaxou no espazo e no tempo ao son da música con “marca celta” no relatorio que ofreceu o pasado 23 de outubro na Real Academia Galega. O artista vigués analizou o éxito e o significado desta etiqueta que emerxeu en Galicia con forza cando el comezou a súa carreira, nos anos 90, pero que xa levaba moito tempo aí.

No seu relatorio tirou de fontes da arqueoloxía, da musicoloxía ou da antropoloxía nas que se apoia o seu primeiro libro, La hermandad de los celtas, que vai xa pola terceira edición un mes despois de saír do prelo. Repasou referencias ao celtismo na cultura galega a través de autores como Castelao, Cunqueiro ou Emilia Pardo Bazán.

A xuízo do músico, en Galicia

non se está a poñer en valor o patrimonio musical. “Festivais celtas como o de Lorient moven anualmente 750 000 persoas, moito máis que calquera dos festivais pop rock ou indie cos que nos bombardean os medios; e o Celtic Connections de Glasgow acolle baixo a marca celta todo tipo de xéneros, porque a música celta sempre abraza e por iso segue viva e evolucionando”.



Condado

Os pasadobres de Soutullo abren o II Concurso Nacional de Piano Mestre Soutullo

Dende o xoves día un ata o o domingo catro de novembro o concello de Ponteareas acollerá a segunda edición do Concurso Nacional de Piano Mestre Soutullo, organizado pola Fundación Reveriano Soutullo Otero.

O pasadobre galego “Ponteareas”, estreado o 20 de outubro de 1929, abrirá esta segunda edición enchendo de notas alegres o auditorio municipal, así o adiantou a presidenta da Fundación Reveriano Soutullo, María Rosa Arijá Soutullo, que no acto de presentación do concurso estivo acompañada polo Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, a concelleira de Cultura, Hortensia Bautista e Rafael Pérez Dopeso, vicepresidente da Fundación.

Nesta edición o concurso medra e contará con participantes non só de Galicia se non tamén de Avilés, Gijón, Ibiza e Madrid, moitos deles gañadores xa de premios nacionais que engrandecen e enriquecen este certame.

Ata o auditorio de Ponteareas achegaránse tres dos netos do Mestre Soutullo, María Victoria Gómez Soutullo, presidenta de honra da fundación; Alejandro Polanco Soutullo e María Rosa Arijá, organizadora.

Arijá explica que os obxectivos deste concurso son ofrecer respaldo e proxección ás novas promesas da música de piano e ofrecer un espazo para amosar o traballo e o esforzo que realizan estes estudantes. Outro dos obxectivos é dar a coñecer a música de piano com-

posta por Soutullo que comezou a ser coñecida no ano 2005 na celebración do día das Letras Galegas no conservatorio superior de Vigo grazas á catedrática de piano e membro do xurado desta edición, Josefa Estarque.

Cun xurado experto na figura do Mestre Soutullo e formado polos profesores Josefa Estarque, presidenta do tribunal, Alejo Amoedo e Enrique Goberna, o concurso entregará premios na categoría de elemental e profesional, obtendo os primeiros premios 600€ e 1000€ respectivamente.

O xoves día 1 ás 20:00 horas terá lugar o concerto de apertura a cargo de Alejo Amoedo que interpretará a súa versión pianística do pasadobre “Ponteareas” para dar paso logo ás



actuacións da pianista Alba Gabriela Cracium, terceiro premio do grado elemental na pasada edición e elexida pola fundación como xoven promesa do piano en Ponteareas; seguida de Mateo Gil Sestelo, gañador do grado elemental tamén na pasada edición e Noreia Hermida, gañadora do primeiro premio no grado profesional no I Concurso de Piano Mestre Soutullo. O pasadobre “Carpio” nas mans de Estefanía Cereijo Omil será o encargado de pechar o acto de apertura do concurso nacional de piano Mestre Soutullo.

O venres día 2 a partir das 18:00 horas os participantes do grado elemental amosarán

a súa sensibilidade no piano interpretando unha peza de elección libre e a peza obrigatoria “Idealidad”, unha jota do album “En noche de luna” de Reveriano Soutullo.

O sábado día 3 a partir das 18:00 horas os concursantes do grado profesional interpretarán unha mazurka e un fox trot de Soutullo e unha peza de libre elección.

O domingo día 4 ás 19:00 horas os finalistas que determine o xurado volverán ao escenario para volver tocar as pezas libres e obrigatorias.

Nesta edición o xurado entregará unha mención especial á mellor interpretación da obra de Soutullo.

Chus Garrote traslada ao Presidente da Confederación Hidrográfica as necesidades de Ponteareas

A vicealcaldesa e Secretaria Xeral do PSdeG-PSOE de Ponteareas, Chus Garrote, reuniuse co presidente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, José Antonio Quiroga. A socialista quixo trasladar a Quiroga as necesidades relevantes do Concello como o saneamento da parroquia de Ribadetea, a ampliación da depuradora municipal da Moscadeira ou o PXOM.

Neste senso, a tenente de alcalde de Ponteareas puxo enriba da mesa como unha das principais prioridades para o progreso de Ponteareas a reforma de ampliación da depuradora municipal. Garrote recolleu con satisfacción

o compromiso de que a Confederación Hidrográfica asuma o 60% da reforma, mentres que o 40% restante sexa repartido entre o Concello e a Xunta de Galicia.

Sobre demanda histórica dos veciños de Ribadetea en materia de saneamento, unha das parroquias máis poboadas de Ponteareas e lindante ao río Tea pertencente a Rede Natura 2000, o que converte a esta actuación en prioritaria, valorou como moi positiva a sintonía e a predisposición do socialista José Quiroga para poder acadar unha solución satisfactoria para os veciños da parroquia ponteareá.

Para a final un dos temas



estratéxico para o futuro de Ponteareas: o PXOM. Avaliaron como resolver un dos últimos trámites para a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municip-

pal de Ponteareas, que ten como obxectivo resolver as problemáticas relativas á captación de augas que precisaría Ponteareas para o seu crecemento.

IV ruta Bocados de Outono

A concellería de Comercio e Hostalería que dirixe Inés Vidal presenta unha nova edición de Bocados de Outono que logo do éxito do ano pasado amplía a súa duración para ofrecer durante tres fins de semanas seguidos os mellores pinchos de tempada.

O Mama Fina, Casa Ferreira, A Casa da Triga, a tappería O Muíño, a viñoteca Eira Vella, a tappería MacDona, Quo Vadis, A Xanela Gastronómica, a cerxería Balú, a bocatería McBuba, a tappería A Fragha e a cafetería Cortiñas son os vintes locais onde poderán degustar os pinchos da IV ruta Bocados de Outono.

Redacción

O PP estuda acudir aos tribunais diante de supostas ilegalidades do alcalde

Na reunión da semana pasada, Represas entregou un cadro borrador aos directivos das Traídas de auga das parroquias solicitándolles documentación, orzamento das obras que solicitaban, etc., cando as bases aínda non foron publicadas.

Tamén lles indicaba que a documentación fora entregada enmán e non polo rexistro de entrada como está ordenado. O prazo de presentación remataba, segundo palabras do alcalde o día 25 pasado.. Para esas liñas de axuda aínda non existían bases de concorrencia oficiais publicadas no BOP.

O PP fiscalizará tanto a forma de presentación como a documentación achegada para que o procedemento sexa seguro e non prexudique a ningunha directiva. “O PP, ad-

vertido por varias directivas das Traídas de augas de Ponteareas, denuncia unha vez máis a falta de transparencia e a “cacicada” deste tripartito. Cremos que o único fin de solicitar anticipadamente esta documentación “pola porta de atrás” é sen transparencia e para dirixir as axudas aos colectivos amigos.

O PP di que lamenta unha vez máis a improvisación deste tripartito que en catro anos non foi capaz de xestionar nin unha soa axuda para estes colectivos, a pesar de que a Deputación de Pontevedra, consignou e entregou diñeiro ao Concello para que fose investido nas Traídas de Augas.

“Chegan tarde e mal. En tres anos e medio nin un só euro, ás portas das municipais queren sacar diante de calquera forma estas axudas, incluso incorrendo en posibles

irregularidades. O PP non vai consentir que se concedan estas axudas de calquera forma e sen seguir unhas bases legais e advirte que fiscalizará todo o expediente. Represas vai ter que explicar porqué solicita información dunhas axudas das cales non hai bases e porqué solicítas en man e non mediante rexistro”.

Ademais o PP, ante as manifestacións de Represas que culpou ao Grupo Popular de non aprobarse antes os orzamentos, lémbrale que o PP é o partido máis votado pero non o maioritario, motivo polo que non está a gobernar. “Se non foi capaz de aprobar antes os orzamentos é porque depende de PSOE, Riada do Tea e Esquerda Unida. Que non lles bote a culpa aos populares da súa falta de diálogo cos compañeiros de goberno que o investiron Alcalde.

Aprobada unha nova senda polo Río Caselas

O Concello de Salvaterra de Miño aprobou no Pleno da Corporación o proxecto de creación dunha senda fluvial polo Río Caselas entre Cabreira e Arantei, cun trazado adaptado ao dominio público hidráulico.

O obxecto deste proxecto é o de recuperar e protexer as marxes do entorno natural do río Caselas, mediante a consolidación dunha senda natural da ribeira que permita a recuperación da servidume de tránsito e a limpeza das marxes, establecendo as condicións adecuadas que permitan o disfrute do medio fluvial pola poboación.

O trazado desta senda está adaptado ao Dominio Público Hidráulico, e sumará un total de 3.359m, dividida en 7 tramos.

Esta obra conta con un importe de 497.263,46€ e será realizada e financiada pola Xunta de Galicia, e permitirá a súa

vez enlazar esta senda con outra prolongándose polo Río Miño, a través da senda fluvial que se está executando neste momento por parte do Concello de Salvaterra e que se unirá ata o termo municipal de Tui. O Concello aportará os terreos para a realización da obra.

Esta actuación enmárcase dentro da campaña de posta en valor do patrimonio natural que está levando a cabo o Concello de Salvaterra de Miño, por un lado coa creación de sendas verdes polos seus ríos (Mendo, Tea, Miño e Caselas) que atravesan as parroquias de Oleiros, Fiolledo, Corzáns, Leirado, Fornelos, Pesqueiras, Salvaterra, Arantei e Cabreira e por outra con ese coidado especial das zonas verdes do municipio, que ten como eixo central O Parque Público A Canuda. Somos o Concello, dentro da nosa categoría, con mais km de paseos e zonas verdes.

XI feira de Outono

PONTEAREAS · NOVEMBRO 2018

**MÚSICA
MAGOSTO
MICOLOXÍA
EXPOSICIÓN
XOGOS POPULARES
SERÁN DE OUTONO**

ORGANIZAN

Programa de Actividades

xoves 1
20h Salón de Plenos. Charla micolóxica "Os cogomelos: gastronomía e nutracéutica" a cargo do Dpto. de Bioloxía Vexetal da Universidade de Vigo

venres 2 Carpa da Praza Maior
17h Xogos tradicionais e actividades infantís sobre o outono
19h Biblioteca Municipal. Charla micolóxica: "Como identificar cogomelos no campo", con Gabriel Pérez, biólogo e membro do laboratorio de micoloxía da Universidade de Vigo
20h Presentación dos libros "Maruxa das Cortellas" e "Mulleres de Gargamala", de Xulia Feixoo e Guillermo Ignacio. Concerto didáctico "Arredor da Tradición"
21h Obradoiro de iniciación ao baile tradicional.
22h Serán de Outono. Apertura a cargo do grupo Os da Porfía. Chourizo, viño, chocolate e rosquillas de balde.

sábado 3 Carpa da Praza Maior
De 11 a 20h. Feira de produtos de tempada, tradicionais e ecolóxicos.
Exposición: "O campo e a labranza"
11h Inauguración da Feira. Animación musical e pasarrúas polo centro urbano a cargo do Trebón dos Xidos.
11:45h "Cociña de outono". Elaboración en directo de receitas con produtos de outono e degustación, a cargo do restaurante A Xanela Gastronómica.
16:30h Salda micolóxica guiada. Dende a Casa Cultural de Arcos, co biólogo Gabriel Pérez.
16:30h Obradoiro de elaboración de queixos para nenas e nenos.
20h Concerto: Donicélas

domingo 4 Carpa da Praza Maior
De 11 a 20h. Feira de produtos de tempada, tradicionais e ecolóxicos.
Exposición: "O campo e a labranza". Exposición micolóxica.
11h Obradoiro de elaboración de queixos para nenas e nenos.
12h Sesión Vermú. Degustación gratuita de vermú e concerto a cargo do grupo Os Follieiros.
17:30h Magosto. Animación musical.
19h Concerto: Pelepaú.
20h Sorteos e clausura da XI Feira de Outono de Ponteareas.

Miscelanea

A PSPD denuncia a Vodafone por SPAM ante protección de datos

A Plataforma pola Seguridade e a Privacidade Dixital (PSPD), integrada pola AI, ADECES e UCGAL, denunciou a VODAFONE-ONO ante a Axencia de Protección de Datos (AGPD) por práctica de SPAM a través de SMS; e solicita da AGPD que obrigue á operadora ao cesamento destas comunicacións electrónicas e impónlle a correspondente sanción por falta grave.

A Plataforma considera que ao pouco tempo de poñerse en marcha o novo Regulamento Europeo de Protección de Datos non deben as autoridades de control flexibilizar as esixencias deste ou outras normas conexas como a Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico (LSSI).

Na súa denuncia a PSPD fai fincapé en que o envío masivo

e reiterado de comunicacións electrónicas vía SMS por parte de Vodafone-ONO vulnera o artigo 21.1 da LSSI o cal esixe para o envío de “comunicacións promocionais ou publicitarias por correo electrónico ou outro medio de comunicación electrónica equivalente [como un SMS] deben ser solicitadas ou expresamente autorizadas polos destinatarios das mesmas”.

Oposición delirante do PP no Concello de Vigo

CxG afirma que o camiño do PP de Vigo no seu papel como líder da oposición é unicamente ir desaparecendo da cidade, igual que no resto de España. Na mesma anotación que os gobernos do PP foron unha “peste” para Vigo que provocaron a chegada ao poder de Caballero. Coa oposición que ten no concello liderada polo PP, o normal é que o alcalde revalide

con mais reforzo a súa maioría.

Xoán Antonio Cortés, fala dunha oposición sen ideas e totalmente deixada de man sobre os problemas reais da cidade. “O principal partido da oposición está mais preocupado en defender os intereses partidistas de Feijoo e da súa Xunta na área metropolitana, que en realmente dar solucións para mellorar a calidade de vida dos vigueses e

viguesas” afirma Xoán Antonio Cortés.

A última saída de Elena Muñoz, pedindo a gratuidade do parking do auditorio do Mar de Vigo é unha mostra mais do delirante das políticas do PP. “Non pode ser que pidan a gratuidade para un parking e inaguren por todo o alto un de pagamento no hospital Alvaro Cunqueiro” dice Cortés.

Comenzan as clases da Escola de Teatro de Tomiño



O día 6 de novembro a Escola Municipal de Teatro de Tomiño inicia un novo curso con grupos de infantil, mocidade e persoas adultas. Logo de varios anos de funcionamento, a entidade está xa consolidada, converténdose en referente cultural na comarca do Baixo Miño.

As profesoras encargadas son Tamara e Beatriz Campos, do grupo Migallas Teatro, que explican o obxectivo da actividade, cada vez máis consolidada entre a poboación. “Trátase de introducir ás persoas no mundo teatral, ao tempo que se estimula a imaxinación e as capacidades creativas, se fomenta o traballo en equipo e se melloran os recursos expresivos e comunicativos”. Expresión dramática, creación, ensaio e posta en escena dan coma resultado varias pezas teatrais que se presentan a final de curso.

Todas as clases serán impartidas os días martes polas tardes. De 16.00 a 17.30 grupo de 9 a 12 anos; de 17.30 a 19.00, de 4 a 8 anos; de 19.00 a 20.30 de 13 a 17 anos. Todos estes grupos terán clase no auditorio de Goián, mentres que a Casa da Cultura acollerá o grupo de adultos (a partir de 18 anos), tamén os martes, de 20.30 a 22 horas. A cota que teñen que abonar os alumnos é de 15 euros ao mes.

As clases de teatro para nenos e nenas e mocidade levan impartíndose varios anos, estando totalmente consolidadas, con máis de 50 participantes, mentres que as de adultos, comezaron a funcionar o pasado curso. Este grupo está composto na actualidade por 10 persoas, homes e mulleres, de entre 20 e 80 anos. “Despois do éxito alcanzado o ano pasado, este ano nos gustaría encher as 18 prazas dispoñibles”, salienta Beatriz Campos.

As aulas son eminentemente prácticas e nelas trabállanse os aspectos básicos da creación escénica. Improvisacións, xogos dramático, expresión oral, movemento expresivo, ritmo, creación de personaxe son algúns dos contidos que se abordan o longo do curso.

O ano pasado para finalizar o curso os propios alumnos crearon e levaron a escena distintas pezas teatrais (no caso dos adultos, a obra “A lenda da cabaleira negra”), que conseguiron encher de risas e aplausos o auditorio de Goián.

OUTONO CULTURAL 2018

VENRES 2 - As 17.00 h **FESTA Terrorífica** no auditorio do Centro Multiusos de Arbo - Xincana do terror- Concurso de cabazas, disfraces e doces de Samain e SORPRESAS

SÁBADO 3 - As 20.00h - **CINE** no Auditorio do Centro Multiusos - para todos os públicos

DOMINGO 11 - As 17.00h - **V MAGOSTO POPULAR** na Praza do Concello. Castañas, Chourizos, e Xogos, amenizado pola CHARANGA ENCERELLADOS

SÁBADO 24 - As 20.30h - **CONCERTO DE SANTA CECILIA** no Auditorio do Centro Multiusos de Arbo, organizado pola Banda de Música de Arbo coa colaboración do Concello

DOMINGO 25 - As 10.00h - **ANDAINA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO** - Saída dende a Praza do Concello.

As 13.00h - **LECTURA DE MANIFESTO** contra a Violencia de Xénero na Praza Consistorio. Actividades e obradoiros para todas as idades.

Organiza: Concello de Arbo

A alcaldesa advirte de que o proxecto de orzamentos da Xunta non recolle “un so céntimo de investimentos” no Porriño

A proposta de orzamentos do Goberno de Galicia para o ano 2019 non recolle “nin un so céntimo de euro de investimento no Porriño”, segundo pódese ver no borrador do mesmo que xa chegou ao Parlamento.

Cero euros para o Centro de Saúde

Un exercicio máis, o executivo do Partido Popular rexeita a mellora e ampliación do Centro de Saúde do Porriño, unha obra na que sería precisa unha dotación de 400.000€, tal e como reiterou o Goberno local nos anos, 2016, 2017, 2018 e, de novo, de cara ao 2019.

A alcaldesa, Eva García de la Torre, lembra que o proxecto do novo centro de saúde xa fora anunciado polo anterior alcalde, que tiña no seu goberno ao actual presidente do Partido Popular do Porriño, Manuel Alejandro Lorenzo. A alcaldesa sinala que “aquel alcalde do PP mesmo fíxose unha fotografía coa conselleira de Sanidade da Xunta, daquela tamén presidida por Núñez Feijóo, asegurando que as melloras do centro de saúde estaban xa en marcha”.

O resultado, catro anos máis tarde é que o Concello do Porriño está a pagar a limpeza dos terreos que o cedeu á Xunta e, o que é moito máis grave, que “as porriñesas e porriñeses seguen amoreándose nun centro de saúde totalmente desfasado, no que pasan calor no verán e frío no inverno e que non ten os servizos necesarios para atender as súas necesidades, tal e como denuncian, sistematicamente na rúa”.

Cero euros para centros escolares

A alcaldesa tamén denuncia o feito de que sendo O Porriño o concello que máis medra de Galicia, e logo de pedir reiteradamente a construción dunha nova gardería e novo colexio, á vista do estado do CEIP Fernández López, a Xunta gobernada polo Partido Popular destina ‘cero euros’ a estas demandas e, aínda máis, tampouco contempla partida algunha dos 50.000€ demandados polo Goberno do Porriño para os comedores escolares.

A situación é aínda máis “insultante para as porriñesas e porriñeses considerando que

a Xunta sí abriu unha gardería en Mos, gobernada por unha alcaldesa do Partido Popular e que ten un 80% de cativas e cativos que van dende O Porriño porque aquí non temos prazas”.

Cero euros para afrontar o problema do lindano

Na mesma liña, o Goberno de Núñez Feijóo non contempla o investimento de un so céntimo para a des-contaminación das zonas do Porriño nas que se atoparon refugallo de lindano, “o cal, ademais de un abandono das súas obriga, dado que é competencia exclusiva do seu goberno, é un exercicio de desprezo pola saúde dos veciños considerando, en primeiro lugar que había un compromiso neste senso, anunciado pola Xunta e polo voceiro do PP no Concello do Porriño, Manuel Alejandro Lorenzo, que mesmo presumiu no Pleno de manter xuntanzas con responsábeis da Xunta, como publicaron os medios de comunicación, para axilizar esta promesa”.

O que se ve nestes orzamentos é que ao Partido Popular so lle interesan os cida-



dáns do Porriño para que lle dean o seu voto cada catro anos, pero que teñan unha asistencia médica digna, a educación e benestar das súas fillas e fillos e o coidado e protección da súa saúde ao Partido Popular tráenlle sen coidado.

A alcaldesa agarda que a estadía do presidente da Xunta e do Partido Popular de Galicia no Porriño estes días sirva, ademais de para defender os seus intereses e os do PP, para comprometerse a facer algo polas porriñesas e porriñeses,

empezando por “pedirlles perdón pola marxinación e o esquecemento aos que os ten condenados nestes anos”.

Pola súa banda, Eva García de la Torre agarda que o presidente do PP do Porriño, Manuel Alejandro Lorenzo sexa quen de amosar a súa desconformidade co proceder da Xunta e demande, en persoa, ao seu presidente que cumpra coa súa obriga que é a de atender á sanidade, á educación e a saúde das veciñas e veciños do Porriño, que son tamén as súas veciñas e veciños.

o Concello achega 50.000 euros para a reconstrucción da Igrexa de San Campio

A alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, e o concelleiro de Vías e Obras, Manuel Carrera, mantiveron unha xuntanza con representantes da Comisión de Festas de San Campio, da parroquia de Pontellas, para tratar a rehabilitación e recuperación da igrexa que resultara moi gravemente danada por un incendio o pasado mes de xullo, precisamente coincidindo coa celebración

da súa festa patronal.

Hai que lembrar que o lume arrasara completamente o interior do templo, queimando os bancos, as tallas dos santos-incluindo a do patrón-, e o tellado, quedando en pe so a estrutura da basílica, logo de que os bombeiros, para evitar maiores riscos, tivesen que retirar as vigas do teito.

García de la Torre e Carrera comprometéronse a que o orzamento municipal para 2019

conteña unha partida duns 50.000€, “a máis importante das destinadas a ao arranxo da igrexa” para que as obras estean rematadas antes da celebración da Festa de San Campio.

A alcaldesa salientou a importancia, “a marxe do respecto á liberdade relixiosa e a manifestación da mesma” que ten para o patrimonio cultural e histórico do Porriño, e para as porriñesas e porriñeses que a igrexa de San Campio, cons-



truída no século XIX.

O mesmo día do incendio, Eva García de la Torre, quen acudira ao lugar para coñecer os danos de primeira man,

comprometérase, públicamente, cos veciños a que contarían co Concello e con toda a Corporación para a reconstrución da capela.

Louriña

Redacción

Novo tramo de Senda do Río Landres en Salceda

O Concello de Salceda de Caselas e a Deputación de Pontevedra inauguraron o novo tramo de Senda do Río Landres, no tramo correspondente ao espazo entre O Seixo e o Muíño da Pereira. A inauguración acolleu tamén un acto de recordo no primeiro aniversario dos terribles incendios de outubro de 2017, que o Concello quixo organizar a modo de homenaxe ás forzas de seguridade e a tódalas persoas voluntarias que durante aquelas horas resultaron fundamentais para combater o lume e evitar que no caso de Salceda se producisen danos persoais nin sobre as vivendas. Así, na mesma senda descubriuse un panel de agradecemento no que se narra a historia daqueles difíciles días.

O proxecto, con un orzamento de 105.252,18 €, enmárcase dentro do Plan Concellos 2017 da Deputación Provincial de Pontevedra, e foi executado pola empresa adxudicataria FECHI. Nesta ocasión executouse un tramo de 789 metros que, ao igual que os tramos anteriores, está perfectamente acondicionada para persoas con discapacidade



e mantén a estrutura do feito ata o de agora. Durante o percorrido instaláranse diversos bancos, así como a pertinente sinalización no principio e final da senda coas limitacións de uso da mesma.

O proxecto, redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Julio Piñeiro, enmárcase dentro do programa de actuacións previsto polo Concello de Salceda de Caselas encamiñadas á recuperación, creación e posta en valor de espazos destinados a uso público para o recreo e espallamento das veciñas e veciños do municipio, así como das e dos visitantes. Neste caso recuperouse unha zona en estado de abandono para usos recreativos, aproveitando o entorno na

marxe do Río Landres, que dará continuidade ao tramo de senda xa existentes entre O Torrón e O Seixo, e enlazará tamén coa Senda da Lagoela a escasos metros. O Concello de Salceda continúa así na súa constante recuperación dos seus ríos, así como do seu entorno, coa construción duns paseos que son xa sinal de identidade do municipio.

En palabras de Carla Pérez, Concelleira de Medioambiente, “Unha vez máis, estamos enormemente agradecidos aos propietarios e propietarias dos terreos polos que transcorre esta nova senda, que dende o primeiro momento se puxeron á nosa disposición e deron o seu permiso sen poñer o máis mínimo problema”.

Rematan as obras do barrio da Igrexa de Pontellas



A Concellería de Vías e Obras vén de concluír os traballos de mellora no barrio da Igrexa, na parroquia de Pontellas que, como sinala Manuel Carrera, abrangueron o pavimentado e sinalización no lugar no que se transformara un camiño nunha nova estrada “moito máis e ancha, segura e transitable por vehículos e peóns”, e a extensión da rede municipal de saneamento ás vivendas da zona.

O tenente de alcalde salienta que esta é “unha das obras máis importantes executadas neste mandato na parroquia de Pontellas” dado que supón unha notable mellora tanto dos accesos coma da comunicación dentro

do barrio da Igrexa, así mesmo, “seguir cumprindo o noso compromiso de levar o abastecemento e saneamento a todos os lugares do Porriño”, un obxectivo no que neste mandato avanzouse máis que en ningún outro.

Os traballos, rematados nun mes e que contaron cun orzamento de 47.633,71€ de fondos propios do Concello, consistiron no pavimentado de preto de 3.000 metros cadrados, cun firme e 5 centímetros de grosor, a ampliación de la rede de saneamento incorporando unha nova tubaxe de 315 milímetros de diámetro, a sinalización de toda a vía e a incorporación dunha varanda de 30 metros na zona.

Besada preséntase á reelección por Movemento Salceda

O Alcalde nacionalista de Salceda de Caselas, Marcos Besada, foi ratificado por unha ampla maioría na Asemblea de Movemento Salceda como candidato a liderar a lista que concorrirá ás próximas eleccións municipais do 26 de maio.

Marcos Besada, de 44 anos de idade, ostenta o cargo de rexedor do Concello de Salceda de Caselas dende que no ano 2007 desbancara ao Partido Popular tras 32 anos de goberno.

Do proxecto de cambio e transformación de Salceda, dende Movemento Salceda valoran “o esforzo por crear novas infraestruturas e servizos que non existían no Concello. Nestes 12 anos acadamos varios soños co esforzo e o apoio dunha maioría social grazas a que apostamos polo diálogo permanente cos nosos veciños. Púxose de manifesto un novo urbanismo pensado para as persoas: humanizamos o casco urbano de Salceda poñendo en valor os principais

espazos públicos como a Praza do Concello, o Parque Raíña Aragonta ou o entorno da Praza de Abastos. A recuperación de edificios públicos para a creación de novos espazos como a Casa da Cultura ou a Casa da Música son un claro exemplo da aposta por políticas culturais e sociais innovadoras”.

Refírense tamén ao Programa de Alimentos, o Roupeiro Municipal, os Programas de Emerxencia Social, de Apoio á Infancia... como iniciativas que

“están a paliar e a axudar a aquelas familias que están a sufrir con maior rigor a crise e os recortes das políticas do Partido Popular”.

Destacan “a posta en valor da inmensa riqueza dos nosos ríos e regatos e do noso Patrimonio histórico, artístico e etnográfico, é un dos nosos sinais de identidade como Goberno. Os máis de sete quilómetros de Sendas Fluviais, os Parques Etnográficos e a recuperación dos nosos monumentos supón un valor engadido

moi importante tanto para a mellora da nosa calidade de vida como para atraer ata Salceda a visitantes que benefician a sectores como a Hostelería ou ao Comercio”.

Marcos Besada afirma que “temos mellorado moito nestes doce anos mais queremos e podemos facer máis, porque Salceda merece máis. Preséntome con novas ideas, novos proxectos e o que é máis importante, coa garantía de contar cun equipo de persoas de confianza para levalos a cabo”.

37 establecementos participarán no XIII Pinchorriño

A XIII edición do Pinchorriño, xornadas de tapas gratuítas da hostalería porriñesa, está xa en marcha. Celebrouse no salón de plenos do Concello a presentación oficial desta cita gastronómica que organiza ACIPOR, en colaboración con AHOSPOR, co patrocinio do Concello do Porriño.

Ao acto acudiron Juana Pérez, presidenta de Acipor, José Manuel Fdz., presidente de AHOSPOR, Marcelino Coto, concelleiro de Comercio, e Eva García, alcaldesa.

Fai anos xa que O Pinchorriño se consolidou como

unha das rutas de tapas con máis sona de Galicia, xa que a diferenza doutros eventos, mantén a súa esencia dende o principio: os pinchos son totalmente gratuítos coa consumición. Nesta ocasión, e a fin de manter a calidade das tapas que se sirven, a consumición mínima para participar é de 1,5 euros.

Así, como cada ano ao chegar o mes de novembro, os venres e sábados (de 19 a 23h.) poderemos degustar no Porriño tapas tan suxerentes como "Volcán", "Retriscos con xenio espichado", "Boinas de pan galego re-

cheas de molusco da ría", "Pincho enrolado" ou "Pincho Celtic". Ata 36 propostas para todos os gustos, vexetarianas, de culler, tradicionais, modernas...

Como cada ano a organización volve a sortear dúas estancias nunha casa rural para todos os que logren selar os cupóns que se repartirán nos establecementos participantes. Como ben acontecendo os últimos catro anos, estará dispoñible a App "QuedamosdeTapas" que pode descargarse dende Google Play ou APP Store para consultar os pinchos que ofrece cada local.

O Porriño distinguido como "Cidade amiga da infancia"

Na reunión celebrada o pasado 25 de outubro, a Secretaría Permanente do Programa Cidades Amigas da Infancia (CAI), representada por membros pertencentes a UNICEF Comité Español; Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social; Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e o Instituto Universitario de Necesidades de Dereitos da Infancia e a Adolescencia (IUN-DIA), acordou galardoar ao Concello de Porriño co Recoñecemento 'Cidade Amiga da Infancia' no marco da VIII Convocatoria de Recoñecementos 2018-2022.

UNICEF sinala que "o recoñe-

cemento pon en valor o labor do Concello, en coordinación coas entidades locais e cos nenos e nenas, para liderar o proceso continuo de implementación de políticas e medidas que melloran o benestar da infancia e adolescencia no municipio".

O do Porriño é xa un dos Gobernos Locais que veñen de situar á Infancia no centro das súas políticas públicas. Na actualidade, o 41% das nenas, nenos e adolescentes que viven en España, son veciños dunha Cidade Amiga da Infancia.

O acto de entrega deste galardón, tivo lugar no Palacio de Exposicións e Congresos de Oviedo, o 27 de novembro.

O Pinchorriño
XIII XORNADAS DE DEGUSTACIÓN
• DE PINCHOS NO PORRIÑO •
NOVEMBRO '18 | VENRES E SÁBADOS DE 19 A 23 H.
pincho GRATIS
CON CONSUMICIÓN MÍNIMA DE 1,50€

HOSTALEIROS PARTICIPANTES

- 1. Amaquía**
Boinas de pan galego recheas de moluscos da ría
- 2. A Francachela**
Bolo recheo de carne asada na súa salsa
- 3. Adega de Montero**
Vinoteca
Retriscos con xenio espichado
- 4. Argentino 2**
Pizzas variadas
- 5. Bar Celtiña**
Pincho Celtic
- 6. Bumba**
Tosta de raxo con queixo Roquefort
- 7. Café Bar Adèle**
Puchelriño de garavanzo con bacallau
- 8. Cafetería Alameda**
Tosta de polo con pemento do piquillo
- 9. Cafetería El Pincho**
Pincho enrolado
- 10. Cafetería El Sol**
Bocatin de raxo
- 11. Cafetería O Porriño**
Rulo de cabra con cebola
- 12. Cafetería Pastelería Seijo**
Pionono crema de queixo e balsámico
- 13. Cafetería Platinum**
Bocatin de aneis de lura
- 14. Cafetería Xuntos**
Volcán
- 15. Cólleo con Pinzas**
Raxo con patacas e pemento
- 16. Deja vu**
Tosta boloñesa con queixo mozzarella
- 17. Don Kebab**
Delicia turca
- 18. El Alambre del Abuelo**
O tendal
- 19. Elcincuentaicinco**
Tostas Elcincuentaicinco
- 20. El Patio**
Lasaña de pasta gratinada
- 21. El Ultramarino**
Bo rollo
- 22. Hamburguesería Fran**
Pincho colchoeiro
- 23. La Bici**
Tosta La Bici
- 24. La Cueva**
Albóndegas
- 25. La de Chato**
Bolos de vento no seu niño
- 26. La Pantera Rosa**
Lasaña de verduras
- 27. Los Milagros Panadería**
Montadiño Los Milagros
- 28. Maloserá**
Arroz fusión
- 29. Mesón Mondariz**
Touro estufado
- 30. Milenium 33**
Cro&Roll
- 31. O Xantar de Pepa**
Delicias Pepa
- 32. Paso a Nivel**
Ovas rotas con zorza
- 33. Saspi**
Crochetes
- 34. Scala**
Callos
- 35. Telepizza**
Pizzoleto
- 36. Liceum**
Taco de porquiño
- 37. Zentral**
Pincho Zentral

QuedamosdeTapas
TU APP PARA TAPEAR

O Pinchorriño

Descárgala en Google Play
Descárgala en App Store

Participa no sorteo de dúas fins de semana en casas de turismo rural!

Baixo Miño

Redacción

Bota a andar o Xeodestino da Ría de Vigo e Baixo Miño, o primeiro xestionado por un Grupo de Desenvolvemento Rural

O Xeodestino da Ría de Vigo e Baixo Miño dá os seus primeiros pasos. A Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural, os 13 concellos do territorio do GDR 14 (Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, A Guarda, Mos, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, O Rosal, Tomiño e Tui) e o concello de Soutomaior asinaron o 17 de outubro un convenio de colaboración para a posta en marcha, xestión e dinamización desde xeodestino turístico, o primeiro de toda Galicia en ser xestionado por un Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR). Con esta iniciativa búscase aglutinar esforzos e xerar un maior fluxo turístico nos 14 municipios que abrangue o xeodestino e dar resposta a unha actividade económica complexa de carácter transversal cun mercado tremendamente esixente, dinámico e influenciable.

A través deste convenio fixaranse as principais liñas de colaboración, coordinación, xestión, financiamento, organización e funcionamento deste novo xeodestino, que conlevará a realización de actuacións en todos os concellos que o integran. Esta parte complementarase co convenio de colaboración que asinarán GDR14 e Turismo de Galicia, dependente da Xunta de Galicia, para a realización de actividades de promoción, dinamización e fomento da riqueza e do turismo neste territorio, así como para a sensibilización tanto aos visitantes como á propia veciñanza sobre a importancia de preservar e poñer en valor o pa-



trimonio e a cultura de todos estes concellos.

Debido ao crecente potencial turístico desta zona e segundo os datos recollidos ata agosto, a Ría de Vigo e Baixo Miño recibiu máis de 450.000 turistas, o que supón un 3% máis con respecto a 2017. A ocupación hoteleira destes visitantes tamén experimentou unha mellora en máis dun punto e, no que se refire á súa procedencia, os turistas internacionais subiron un 14,3% ata superar os 135.000.

Respaldo da Xunta de Galicia

Ao acto de sinatura do convenio asistiu a presidenta da Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural (entidade responsable da execución da Medida Leader 2014-2020 no territorio GDR14) e alcaldesa de Tomiño, Sandra González, e o nomeado re-

presentante institucional do xeodestino e alcalde de Baiona, Ángel Rodal. “Dende o GDR14 buscamos novos puntos para o desenvolvemento sostible do territorio e detectamos que o turismo era un polo fundamental. Poñemos en marcha este xeodestino coa firme intención de ser prácticos e levar adiante proxectos que repercutan nestes 14 concellos, elaborando un plan estratéxico que abarque todo o territorio e creando o primeiro produto turístico conxunto, xa que calquera iniciativa turística de calado non pode facerse concello a concello”, comentou González, quen quixo destacar a “predisposición e a axilidade de Turismo de Galicia para sacar este xeodestino adiante”.

Estiveron acompañados por representantes de todos os

municipios que integran o novo xeodestino: Emiliano Lage, alcalde de Fornelos de Montes; Francisco Ferreira, alcalde de Gondomar; Antonio Lomba, alcalde de A Guarda; Nidia Arévalo, alcaldesa de Mos; Juan Antonio González, rexidor de Nigrán; Cristina Correa, alcaldesa de Oia; Andrés Iglesias, alcalde de Pazos de Borbén; Teresa Paris, concelleira delegada de Cultura e Turismo de Redondela; María del Carmen Alonso, alcaldesa de O Rosal; Agustín Reguera, alcalde de Soutomaior; e Carlos Vázquez Padín, alcalde de Tui.

A Xunta de Galicia tamén quixo amosar o seu respaldo a esta iniciativa coa presenza de Román Rodríguez, conselleiro de Cultura e Turismo; de Nava Castro, directora de Turismo de Galicia; e de Ignacio López-Chaves, Delegado

da Xunta en Vigo.

O obxectivo deste convenio é impulsar un proxecto que se presenta como unha excelente oportunidade para darlle pulo ao turismo no territorio optimizando recursos estruturados e organizados, ofrecendo produtos turísticos diferenciados, competitivos e recoñecibles polo mercado; creando unha infraestrutura turística coordinada con capacidade para atender debidamente ao visitante; traballando baixo unha imaxe de marca recoñecible que permita diferenciar este xeodestino fronte ao resto de opcións coas que compite; xerando un proxecto común coa implicación de todos os concellos participantes guiado por un plan estratéxico que marque o camiño a seguir; e artellando unha estrutura organizativa e de xestión que permita desenvolver as estratexias e coordinar as accións definidas dun xeito profesional, áxil e permanente.

Que son os xeodestinos?

Os xeodestinos son recoñecidos pola Xunta de Galicia como os espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais e que conforman unha identidade turística diferenciada e singular. Trátase de establecer mecanismos de cooperación, estruturar a actividade mediante o aproveitamento racional dos recursos e impulsar o turismo dun modo eficiente con produtos e servizos competitivos que contribúan ao desenvolvemento socioeconómico do territorio.

A exposición «Auga, o sangue da terra. Un proxecto de Manuel Valcárcel» chega á Guarda da man de Afundación e Abanca

O luns día 29 de outubro de 2018 realizouse na Casa dos Alonso a firma do convenio de colaboración cultural entre ABANCA, Afundación e o Concello da Guarda para desenvolver a exposición «Auga. O sangue da terra», obra do fotógrafo Manuel Valcárcel, e unha programación de actividades educativas paralelas á mostra en colaboración cos centros de ensino.

Na sinatura participaron o alcalde da Guarda, Antonio Lomba; o xefe de zona Condado Baixo Miño de ABANCA, Luís Martín Blanco; e a coordinadora adxunta da Área de Cultura de Afundación, Paloma Vela e Juan Jesús González, Director da Oficina de ABANCA na Guarda.



Esta mostra, de entrada libre e gratuíta, inaugurarase o vindeiro martes 11 de decembro na Sala de exposicións do Centro Cultural da Guarda (avda. Rosalía de Castro, 14), onde se poderá visitar de luns a venres en horario de 10.00 a 13.00 h e de 17.00 a 20.00 h e os sábados de 10.00 a 13.00 h.

Esta colaboración é parte do proxecto «Corrente Cultu-

ral», que considera a arte como un instrumento imprescindible para fomentar o coñecemento e o desenvolvemento colectivo. Grazas a este proxecto, Afundación, a Obra Social de ABANCA, impulsa a capilaridade da cultura en Galicia, ampliando a oferta artística alén das súas sedes e trasladándoa ás vilas galegas para desenvolver tamén nelas as actividades da entidade.

Alumnos do CEIP M R Sinde participan na eliminiación de especies invasoras do Monte Santa Trega



O pasado día 26 de outubro de 2018, atendendo a petición da Xunta Reitora da Comunidade de Montes de Camposancos, o Colexio público Rodríguez Sinde sumouse a iniciativa de eliminar as acacias na zona de Chans no monte Santa Trega.

Tres profesores: Alberto,

Alejandro e Luis subiron a pe, acompañando a un grupo de máis de 30 alumnos, dende o Colexio, recollendo o lixo que os incívicos deixan tirado: botellas, plásticos de todo tipo., dando unha lección que deberíamos, os adultos, ter aprendida para logo, en Chans de Arriba, arrincar as acacias invasoras.

A Guarda iniciará a licitación da concesión de 7 postos da Praza de Abastos

O pasado xoves día 18 de outubro celebrouse a Xunta de Goberno local na que se acordou o inicio da tramitación para a licitación da concesión dos postos baleiros da Praza de Abastos da localidade.

Neste senso se licitará a concesión dos postos 1, 2, 12 e 15 da planta baixa e dos postos 5, B e D da planta alta.

Nestes momentos estanse a redactar os priegos de condicións para a concesión destes postos, que serán anunciados en próximas datas.

Remata «Tecnoimaxín»

A Feira do Emprego e Formación «Tecnoimaxín» remata na Guarda contando cunha ampla programación de actividades que ao longo de 3 días se celebraron na Casa dos Alonsos, un evento que estivo dirixido a estimular o talento e crear cultura emprendedora na comarca do Baixo Miño.

O proxecto conta cunha páxina web (www.imaxinaguarda.com) onde se pode consultar informacións de interese sobre este Feira do Emprego e Formación, que aspira a converterse nunha cita obrigada para todas aquelas persoas interesadas en coñecer máis sobre as novas tecnoloxías, a formación continua e emprego, novas vías de negocio, entre outras novidades do sector empresarial.



O sábado 27 celebrouse na Casa dos Alonsos da Guarda a derradeira xornada de «Tecnoimaxín», cunha Feira de Empresas da comarca cun rasgo innovador, presentada pola Coach e psicóloga social Susana Rodríguez.

Nesta edición contou coa participación de empresas e empresarios da comarca coma Imersys Ceramics, Bonos Bienestar, Coballes, Fernando Coello, Alicerce, Comunica e Randstad.

O venres 26 tivo lugar unha Feira Maker con exhibicións de robótica e varias charlas e o xoves charlas de Gema Sánchez, Débora Ramonde e Jaume Gurt.



Galiza América
Edición e lingua no exilio

DO 25 DE OUTUBRO AO 10 DE NOVEMBRO / Centro Cultural

A GUARDA

INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN
Xoves 25 de outubro, ás 20 h

CONFERENCIA DE MÓNICA REBOLO E PHILIP DUNCAN WEBB
"Sempre en Galiza: a voz dos galegos no río da Prata"
"Entre Vigo e Asunción: Avelino Rodríguez Elías no exilio (1936-1950)"

PROYECCIÓN DO FILME A GATRIZ BRANCA
Venres 9 de novembro, ás 20.30 h, no Centro Cultural

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA  lingua 



O anteproxecto de reordenación da traseira da Área Panorámica contempla unha zona verde zonificada en catro áreas

A súa execución suporá un investimento de 500 mil euros e está condicionada á construción previa dun aparcamento soterrado

O alcalde de Tui, Carlos Vázquez Padín, xunto aos arquitectos Leandro Nogueira e Ángel Matilla de Nam Arquitectos, presentaron este mediodía o anteproxecto de reordenación urbana do espazo da traseira da Área Panorámica como zona verde. Tamén estiveron presentes os concelleiros do equipo de goberno Antonio Castro, Estrella Muradás, Mila González e Eduardo Freiría.

Propónse actuar sobre unha superficie de 6 mil metros na traseira da Área Panorámica e 1.194 metros no lateral do edificio que quedarán libres coa apertura da rúa Ourense. A realización do proxecto terá un orzamento de medio millón de euros e un prazo de execución de entre 3 e 6 meses, vinculado sempre á execución

dun aparcamento soterrado na traseira da Área Panorámica, e tendo en conta amais a próxima apertura da rúa Ourense.

O alcalde sinalou que esta actuación suporá “unha mellora na calidade urbana nunha zona moi representativa da cidade”. Apuntaba amais que con esta actuación se lanza tamén a mensaxe de que “Tui despois de moitos anos de estancamento no seu urbanismo ten que volver a camiñar e a xerar movemento económico e demográfico”. Iso sí apuntaba que esta reurbanización está vinculada á construción dun aparcamento soterrado, o que en conxunto que conlevará unha mellora urbana dunha zona moi importante. Tamén indicaba Carlos Vázquez Padín que o deseño presentado é un anteproxecto sobre o que a cidadanía poderá opinar e

que é modificable.

Os arquitectos Leandro Nogueira e Ángel Matilla de NAM Arquitectos foron os responsables de explicar os detalles técnicos do anteproxecto, no que tiveron en conta os múltiples condicionamentos do lugar como a apertura da rúa Ourense, as rúas lindoiras, a construción do aparcamento soterrado, e circulación da propia cidade, os equipamentos existentes no entorno.... A súa proposta é unha gran zona verde “cruzada por dúas vías principais que xerará catro zonas verdes que no seu interior crearán unha zona máis pavimentada, máis urbana”. Unha das catro zonas estará destinada ao público xuvenil con parque infantil con zona de sombra. Haberá dous espazos con protección solar con múltiples usos que poderán



albergar exposicións, reunións, ou diversas actividades, e unha cuarta zona que acollerá un pequeno palco para pequenas actuacións.

Coma dicíamos a execución deste anteproxecto queda condicionada a realización dun aparcamento soterrado na traseira da Área Panorámica.

Contan xa coa redacción dun anteproxecto para a execución deste aparcamento soterrado

dunha planta con 298 prazas que agardan levar a pleno antes de finais de ano para a súa aprobación. De saír aprobado continuaría a tramitación administrativa e podería ser realidade en 2020, polo que a urbanización da superficie podería realizarse en 2021. Previamente o próximo ano o alcalde conta que estea rematada a obra de apertura da rúa Ourense que está xa adxudicada.

25 novembro
2018

50

TRAIL DOT TREGA

www.traildotrega.com